

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día vinte e sete de xullo de dous mil doce, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don Antonio Mouriño Villar, don José Manuel Freire Couto, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eliseo Fernández Gómez e don Eladio Mangana Novoa, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don José Carlos Martínez-Pedrayo Valeiras, don José Víctor González Vázquez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno e dona Mónica Vázquez Blanco, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, CORRESPONDENTES Á ORDINARIA DO DÍA 29 DE XUÑO DE 2012 E Á EXTRAORDINARIA DO DÍA 19 DE XULLO DE 2012.-

O Sr. presidente pregúntalles ós membros asistentes se existe algunha observación que formular ós borradores das actas das sesións anteriores, correspondentes á ordinaria do día 29 de xuño de 2012 e á extraordinaria do día 19 de xullo de 2012, que foron distribuídos coa convocatoria da sesión.

Non se formula ningunha obxección, declarándose aprobadas as ditas actas por unanimidade.

2º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE ASISTENCIA TÉCNICA, ECONÓMICA E XURÍDICA ÓS CONCELLOS E MANCOMUNIDADES EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCICIO 2012.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

Tamén dá lectura a unha emenda da Presidencia do 26 de xullo de 2012, co seguinte contido: “Conforme co acordado na Xunta de Portavoces que tivo lugar o día 24 de xullo de 2012, no relativo ás bases reguladoras do Programa provincial de asistencia técnica, económica e xurídica ós concellos e mancomunidades en materia de servizos sociais comunitarios para o exercicio 2012, esta Presidencia formula unha emenda ó ditame da comisión, co seguinte contido: Engadi-lo seguinte parágrafo na base IV: *“Así mesmo, a Deputación Provincial contratará persoal específico para o reforzamento do servizo de axuda a domicilio naqueles municipios nos que o dito servizo resulte insuficiente. O persoal contratado dependerá da Deputación Provincial nos mesmos termos que o equipo técnico provincial de servizos sociais”*”.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, do BNG, manifesta que no Pleno que tivo lugar o 31 de maio de 2012 o BNG presentaba unha moción en defensa dos servizos públicos na que, entre outros acordos, lle pedía ó Pleno que instara á Xunta de Galicia a derroga-lo Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e negociar outro no marco da FEGAMP, mantendo os criterios e o financiamento previsto no ano 2009-2010 para os concellos, acordo que contou co voto desfavorable do Partido Popular. O BNG defendeu e segue a defender que debe se-la Xunta, e non as deputacións, a que debe mante-lo financiamento do Servizo de Axuda no Fogar, tamén ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, e evita-las graves consecuencias que á vista da proposta que se nos traslada, vai carrexar esta decisión con consecuencias moi graves para os propios usuarios, xa que van ter que incrementa-la participación económica, para os traballadores e traballadoras que realizan o servizo, xa que perderán o seu emprego pasando a incrementa-la alta taxa existente, e para as depauperadas arcas municipais que, no mellor dos casos, van ter que facerlles fronte a recursos propios para manter un servizo de calidade que cubra a alta demanda existente e no peor dos casos deixar á xente sen poder atendela. Por se fora pouco, as bases que se presentan para aprobación, ademais de arbitrarias e inxustas na consignación de recursos económicos ós concellos, por canto que non teñen en conta a implantación do servizo nin o nivel de esforzo da cada un deles, non se axustan ós parámetros fixados no propio decreto aprobado pola Xunta, incumpre un acordo da Comisión Executiva da FEGAMP, aprobado por unanimidade de tódalas forzas políticas, que instaba á Xunta para que mantivese as consignacións ó nivel do ano 2010 para a prestación de servizos sociais por parte dos concellos,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

cantidades que, como se pode apreciar, non se corresponden coas do ano 2010, senón coas de 2011, nas que xa se producira un importante recorte do 50% respecto do ano anterior. Polo tanto, aínda podendo entende-lo esforzo económico que comporta asumir desde a Deputación o Plan de servizos sociais, e de xeito particular o SAF, o BNG non pode compartir nin a filosofía de fondo, pola cal a Xunta se desentende dunha competencia propia, asignándolles un papel ás deputacións que non lles corresponde, nin a distribución económica que nin tan sequera cubre as necesidades mínimas de cobertura e deixa a moitos concellos sen apenas recursos para poder dar un servizo de calidade.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que na súa intervención lle fai facer un “favor” ó Partido Popular, porque vai dicir cousas que seguramente pensan igual que o Partido Socialista, pero por razóns obvias non as comparten. Cren que esta bases reguladoras son consecuencia inevitable de algo que puido ser evitable. Comparte moitas cousas que dixo o portavoz do BNG, isto era unha competencia da Xunta que tiña que ter seguido con ela. Debemos ser responsables e cre que tanto o Partido Socialista como o BNG levaran o Decreto onde haxa que levalo, porque ten constancia de que outras administracións teñen a idea de rexeitar de forma enérxica este Decreto porque non se está incumprindo con el, co financiamento e coas bases que tiña este propio Decreto. Este Decreto non só é inxusto, senón que é unha auténtica chapuza, e non contempla para nada as necesidades dos concellos nin está feito con rigor técnico que ampare ás persoas máis desfavorecidas. Todos sabemos o que ocorre nesta provincia e os servizos sociais básicos son fundamentais e con isto só nos queda pecha-la porta e marchar para casa. O Grupo Socialista non comparte o que fixo a Xunta de Galicia e así o puxeron de manifesto no seu momento e vólveno reiterar. Son conscientes do marrón que se lle traspasa á Deputación, que ten que afrontar e saír del como sexa. Non valoran se os criterios destas bases son mellores ou peores, porque considera que se fixeron cos criterios técnicos máis adecuados. Anuncia o voto favorable do seu grupo a estas bases, porque son un mal menor, e con elas pódese dar solución a un problema grave para os concellos, e o que é aínda peor, un problema grave ós cidadáns. Pensa que a única forma que ten esta casa para paliar este marrón que nos meteu a Xunta de Galicia desfacéndose desta competencia traspasándollas ás deputacións, é a sinatura dese convenio coa Consellería, pero tamén pensa que é lamentable que se asine o convenio coa Deputación e os concellos, que sofren unha mingua nos plans de cooperación e nos servizos sociais, queden á marxe. O seu grupo é

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

responsable e van apoiar isto condicionado a que se cumpran os acordos. Dille ó Sr. presidente que se cumpre os acordos ós que chegaron na Xunta de Portavoces, o seu grupo vai ter confianza na súa palabra en temas que sexan importantes para os veciños da provincia, como este que nos ocupa, que é un tema demasiado importante e hai que deixalo fóra do debate político (refírese á aprobación técnica das bases). O que fixo a Xunta de Galicia é intolerable pero non por traspasarlle a competencia a outras administracións senón pola forma, porque foi despois de que tódolos que tiñan o servizo sufriran unha mingua dun 80%. Reitera o voto favorable condicionado ás expectativas que ten o seu grupo, e espera que isto non sexa só para este ano.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que as posturas están claras, e a do seu grupo é a que consta na proposta da Presidencia na que se di que ante a necesidade de establecer un programa anual que defina as regras e criterios para o exercicio, por parte da Deputación Provincial, das competencias de asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos en materia de prestación de servizos sociais comunitarios, atribuídas polo artigo 63 da Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, desenvolvido polo Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, procedeuse dende a Presidencia á súa elaboración, co asesoramento da Secretaría Xeral e do Servizo de Fomento de Emprego, Igualdade e Asuntos Sociais, e tendo sempre en conta as dispoñibilidades orzamentarias desta Deputación, que no que se refire ás accións de asistencia económica nesta materia concréntanse nunha dotación de 850.000 euros para transferencias correntes a entidades locais, incorporada ós orzamentos da Deputación mediante expediente de modificación orzamentaria n.º 3/2012. Este programa operativo deseñouse no marco do Plan BenOurense, documento político – estratéxico formulado pola Presidencia da Deputación en desenvolvemento do Plan Estratéxico Ourense 92 2013 – 2015, que fixa as directrices xerais que orientarán a acción administrativa provincial nesta materia, e de conformidade co convenio de cooperación subscrito entre a Deputación Provincial e a Xunta de Galicia para a coordinación das actuacións de ámbalas dúas administracións públicas no eido dos servizos sociais. O Grupo Popular entende que nestes momentos de grave crise económica este é o único programa posible, e por suposto é mellorable e para iso ofrecen a posibilidade de que outros grupos políticos ou colectivos poidan face-las súas achegas de cara a vindeiros anos.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

Dille ó Sr. Rodríguez Puga que no canto de dicir sempre que non, faga algunha proposta concreta e viable. Agradécelle ó Grupo Socialista o apoio e a proposta que fixo.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, do BNG, di que vai facer unha serie de propostas, aínda que despois se lle di que non as fai. Cando di que as bases son arbitrarias está a referirse a que na distribución de fondos non se contemplan cuestións básicas, que fixa o propio Decreto da Xunta. O BNG xa presentou mocións nos meses de abril e maio, e coido, modestamente que se lograron algúns obxectivos, aínda que con algún matiz. Na moción de abril o acordo logrado foi que a Deputación incorporará unha partida orzamentaria para contribuír economicamente a mante-lo financiamento dos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, que na nosa provincia son todas agás á cidade. Na moción de maio cumpríronse os dous primeiros puntos, pero non o terceiro, é dicir, que a Deputación nestas subvencións para o financiamento do servizo de axuda no fogar (programa básico ou prestación básica de axuda no fogar), determinará a contía correspondente a cada corporación local para esta finalidade en concepto de renovación procurando manterlle a contía concedida tomando como referencia a contía concedida para esta finalidade a cada corporación local en 2010. Esta proposta non se fixo, porque se tomou como referencia a contía do concedido en 2011 (que xa tivera unha redución do 50%). En canto ás bases, están de acordo coa Base II.Acción 1 (equipos técnicos municipais de servizos sociais). Tamén están de acordo coa Base IV.Acción 3 (asistencia técnica e xurídica ós servizos sociais municipais). Pero en relación coa Base III relativas á Acción 2 (asistencia económica para o Servizo de Axuda no Fogar Básico) non están de acordo, porque cando di que as bases son arbitrarias está a referirse a que na distribución de fondos non se contemplan dous elementos básicos, que fixa o propio Decreto da Xunta, que son as unidades de convivencia e a ratio de cobertura. Non debería resultar complicado obte-los datos de xeito individualizado e ter así un elemento obxectivo que permita saber como se está a prestar o SAF nos distintos concellos e cal é a dimensión do servizo en cada un, porque na proposta de bases que se trae a aprobación se produce o paradoxal de que hai concellos que apenas cubrirían o 30% do servizo e outros que non o están prestando e que recibirían unha cantidade superior, incluso, a de aqueles que si o teñen. Por exemplo en Vilar de Santos: 13 unidades atendidas, financiadas 2,93 unidades, 2.349 euros, o 22%. Allariz: 50 unidades, financiadas 16 unidades, 12.842 euros, o 32%. Teñen datos de concellos sen servizo de SAF que teñen asignación económica nestas bases e pregúntase como

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

se ten a certeza de que son datos reais. Reitera o voto en contra do BNG e solicita que se retire a proposta e que se elabore unha nova cos parámetros antes mencionados, para chegar a un mínimo do 50% de cobertura.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, o seu grupo, e pensa que todos, non están de acordo co financiamento que teñen os concellos. Hai que procurar chegar a ese 50% dalgún xeito, ben sexa con diñeiro ou con contratación de persoal desde a Deputación para eses servizos sociais, con criterios obxectivos e xustos. Cren que hai concellos que saen máis afectados, á marxe de quen os governe, que son os de menos de 2.000 habitantes, porque practicamente van quedar sen servizo, aínda que é certo que nas bases xa se recolle que van ter un servizo técnico que lles prestará a Deputación. O importante de todo isto é que os recursos que se nos traspasaron inxustamente cheguen a todos máis ou menos por igual e con criterios obxectivos. Pensa que se poden facer máis propostas e no propio convenio fálase dos plans de cooperación que espera se poidan facer con criterios obxectivos, porque esta casa necesita xa un exercicio de transparencia nas contratacións e de axuda ós pequenos e medianos municipios, que son todos. Reitera que non están de acordo co que fixo a Xunta de Galicia e o seu grupo fará máis propostas responsables. O grupo de goberno pode contar co seu apoio naquelas cousas que sexan razoables e que vaian en beneficio dos cidadáns da provincia.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille ó Sr. Rodríguez Puga que desde a comisión informativa e a xunta de portavoces ó día de hoxe tivo tempo de facer algunha proposta, igual que fixo o Grupo Socialista, e non utilizar agora demagogia con palabras como arbitrarias e inxustas. Cos recursos que hai, que son escasos dada a poboación do medio rural, as bases elaboráronse con criterios obxectivos e incluso case puramente matemáticos. En todo caso, o Grupo Popular está aberto ás suxestións que se queiran facer, pero con tempo para poder estudalas. A este programa se lle vai facer un seguimento, e seguramente se lle atoparán defectos, incluso picaresca nalgúns concellos. Para finalizar, di que dos 91 concellos 19 van percibir menos do que percibían no ano 2011, a destacar Carballeda de Avia, pero xa quedou clara a razón da rebaixa, e 9 van ter unha rebaixa de menos de 1.000 euros, 15 van percibi-lo mesmo e o resto vai percibir máis. Este é o único plan posible neste momento dados os recursos dos que se dispón, que foi elaborado polos servizos técnicos da Deputación co visto e prace do equipo de goberno e da Presidencia. Apela que para o ano que ven se poida mellorar en positivo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

O Sr. **presidente** agradece e valora o apoio do Grupo Socialista. En canto á intervención do Sr. Rodríguez Puga que se manifestou en contra do sistema, di que este Decreto deriva da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, impulsada polo bipartito (do que formaba parte o BNG con responsabilidades na área de servizos sociais). En canto ó que dixo de bases arbitrarias e inxustas, manifesta que nestas bases se aplicou a aritmética pura. En relación con algunha sombra de dúbida que se suscitou en canto ás subvencións, di que tódalas subvencións hai que xustificalas. Di que esta é a primeira Deputación de Galicia que aproba unhas bases neste sentido e agradece o traballo dos técnicos que fixeron isto posible, e agradece as achegas que se fixeron e as que se fagan para calquera outro punto. Tamén se terán en conta as achegas que se fagan para o Plan de cooperación que se ven de asinar, todo a favor de que se preste o mellor servizo público posible e que esixa unha garantía de cumprimento dos servizos sociais.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a emenda presentada, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra do deputado do BNG (1), a emenda queda aprobada.

Seguidamente sométese a votación o ditame emendado da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8), e o voto en contra do BNG (1) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aproba-las bases reguladoras do Programa Provincial de Asistencia Técnica, Económica e Xurídica ós Concellos e Mancomunidades en materia de Servizos Sociais Comunitarios para o exercicio 2012, co seguinte detalle:

I) Bases xerais:

A) Obxecto e alcance do Programa:

Constitúe o obxecto do Programa Provincial de Asistencia Económica, Técnica e Xurídica ós Concellos en materia de Servizos Sociais Comunitarios para o exercicio 2012 o establecemento, de xeito integral e detallado, regulando os trámites para a súa total execución, das accións que lle corresponde desenvolver á Deputación Provincial de Ourense en virtude das competencias atribuídas polos artigos 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

En consecuencia, e ó abeiro dos preceptos citados, o obxecto do Programa cínquese á programación detallada das accións de asistencia técnica, económica e xurídica ós concellos con menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios básicos. Para estes efectos, inclúense tamén as mancomunidades intermunicipais con menos de 20.000 habitantes, ó tratarse de meras entidades instrumentais dos concellos que exercen competencias delegadas por aqueles.

O presente Programa Provincial desenvolve especificamente as actuacións I, II e III do Plan BenOurense de Servizos Sociais 2012, con incidencia ademais na actuación V do dito plan estratéxico, desenvolvendo de xeito detallado e operativo as súas previsións xerais.

Máis en concreto, e tendo en conta especificamente o disposto no artigo 31.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, este Programa estrutúrase en tres accións:

1ª) Acción 1: asistencia económica, co obxecto de garantírlle-lo financiamento ós concellos e mancomunidades de menos de 20.000 habitantes para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ó do profesional de referencia que se regula no artigo 37 do Decreto.

2ª) Acción 2: asistencia económica co obxecto de garantírlle-lo financiamento do servizo de axuda no fogar básico ós concellos e mancomunidades de menos de 20.000 habitantes.

3ª) Acción 3: asistencia técnica e xurídica, complementaria da asistencia económica, cos obxectivos seguintes:

a) Garantir, mediante persoal dependente da Deputación Provincial, a dotación técnica de profesionais dos servizos sociais comunitarios nas entidades locais correspondentes a áreas rurais de alta dispersión (garantindo un educador social por área nas entidades de 2000 a 5000 habitantes e a súa presenza periódica nas entidades locais de menos de 2000).

b) Cubrir eventuais carencias ou insuficiencias dos servizos municipais e, ó mesmo tempo, senta-las bases dunha rede provincial de recursos complementarios dos municipais que incrementen o nivel de cobertura das necesidades específicas que son obxecto dos servizos sociais comunitarios, particularmente as que leven consigo unha especial complexidade técnica ou xurídica.

B) Procedemento de adhesión dos concellos e mancomunidades:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

Os concellos e mancomunidades interesados en participar no Programa deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da Alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifesta expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa. Coa dita resolución, achegarase unha ficha informativa cos datos referidos ós servizos sociais municipais, conforme co modelo que aprobe a Presidencia da Deputación e que se lles fará chegar oportunamente ás entidades locais interesadas. A resolución da Presidencia que estableza o modelo de adhesión e a ficha informativa poderá, ademais, establecer como obrigatoria a súa presentación con carácter telemático.

A comunicación da adhesión deberá remitírselle á Deputación Provincial por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común antes do 16 de setembro de 2012. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión con selo de rexistro ou imposición do envío de data posterior ó 15 de setembro.

Non obstante o anterior, e para o suposto de que a Presidencia estableza como obrigatoria a comunicación telemática da adhesión, esta deberá realizarse a través do rexistro electrónico de entrada da Deputación Provincial, nos mesmos prazos que se indicaron.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

Mediante resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ó establecido no presente Programa ou no modelo de adhesión.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior entenderase que renuncian a participar no Programa, causando baixa automática. Neste suposto, os remanentes de cofinanciamento non utilizados incrementarían o importe do cofinanciamento destinado ó servizo de axuda no fogar das entidades adheridas, distribuíndose do seguinte xeito: en primeiro lugar, o remanente repartirase entre as entidades locais que obtivesen, conforme ó reparto inicial establecido neste Programa, unha cantidade inferior á recibida da Xunta de Galicia en 2011, distribuíndose entre elas conforme ó criterio establecido nas regras 1 e 2.a) da Base III; en segundo lugar, e no caso de existir algún remanente tralo reparto anterior, distribuirase entre o resto de entidades conforme ás regras citadas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

C) Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente Programa.

De conformidade co establecido na Disposición Adicional 8ª da Lei xeral de subvencións, as subvencións de asistencia económica previstas no presente Programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

D) Tramitación das subvencións de asistencia económica. Pagamento e xustificación.

As subvencións previstas no presente Programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas regularmente conforme coa base B), procedéndose ó pagamento anticipado do 50 % antes do 30 de outubro de 2012.

Antes do 20 de xaneiro de 2013, as entidades beneficiarias deberán presenta-la xustificación da subvención, integrada pola seguinte documentación:

- Certificación do interventor ou secretario – interventor da entidade, na que se xustifique a realización dos gastos obxecto da subvención. A certificación axustarase ó modelo que se estableza pola Presidencia da Deputación, que se lles remitirá oportunamente ás entidades beneficiarias.

- Memoria descritiva dos servizos sociais efectivamente prestados. Irá asinada polo coordinador dos servizos sociais comunitarios do concello, e axustarase ó modelo que se estableza pola Presidencia da Deputación, que se lles remitirá oportunamente ás entidades beneficiarias.

A Presidencia poderá establecer a obrigatoriedade da remisión da documentación xustificativa mediante medios telemáticos.

O prazo de presentación da xustificación terá carácter improrrogable, agás causa debidamente xustificada. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse antes do 20 de xaneiro de 2013, e poderá concederse, sempre que se aprecie a concorrencia de causa xustificativa, como máximo ata o 1 de marzo de 2013. En ningún caso se concederá prórroga para un prazo vencido.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

A Deputación librará o 50 % restante da subvención no prazo máximo dun mes dende a presentación da xustificación, sempre que esta se axuste ó establecido no presente Programa. En caso de que a xustificación fose incorrecta ou insuficiente, procederase á incoación do correspondente procedemento de reintegro e perda de dereito ó cobro da subvención.

E) Control financeiro das subvencións de asistencia económica.

Sen prexuízo do establecido na base anterior, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas á posibilidade de realización de controis financeiros por parte da Intervención da Deputación ó longo do exercicio 2013. Os controis financeiros terán carácter aleatorio, determinándose as entidades locais que se suxeitarán a este mediante sorteo que se realizará en acto público na Deputación Provincial, cuxa celebración se lles comunicará oportunamente mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A realización do control financeiro levarase a cabo pola Intervención provincial conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ó seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

F) Obrigas de información das entidades locais adheridas:

Con independencia da obriga de sometemento ós controis financeiros de carácter aleatorio previstos na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ó presente programa estarán obrigadas a facilitar ós servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ó funcionamento dos servizos sociais municipais que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ó seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, previa a tramitación do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

II) Bases relativas á Acción 1: Equipos técnicos municipais de servizos sociais:

En virtude desta actuación, a Deputación Provincial subvencionará a contratación de profesionais titulados dos servizos sociais comunitarios que integren a unidade técnica mínima

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

establecida conforme coas características sociais, territoriais e demográficas de cada municipio no Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

De conformidade co establecido no Anexo II do dito Decreto, en relación cos artigos 33, 34 e 35, as unidades técnicas clasifícanse en Unidades de Traballo Social (UTS) Unidades de Traballo e Educación Social (UTES) e Unidades Interdisciplinares de Intervención Social (UNIS).

A través do presente Programa, a Deputación subvencionará exclusivamente a contratación dos profesionais titulados das unidades técnicas de referencia das entidades locais de menos de 20.000 habitantes que non sexan subvencionados pola Xunta de Galicia, conforme co previsto no artigo 47 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

En concreto, serán beneficiarias de subvención as entidades locais (concellos ou mancomunidades) que se atopen clasificadas nos seguintes supostos conforme co Anexo I do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, para o persoal técnico mínimo establecido no Anexo II da dita norma autonómica:

a) Entidades locais de áreas rurais de 5000 ata 12000 habitantes: 1 educador social por entidade.

b) Entidades locais de áreas rurais de máis de 12.000 e menos de 20.000 habitantes: 1 educador social e 1 titulado superior ou en posesión de grao universitario en Psicoloxía, Socioloxía ou materia relacionada cos programas desenvolvidos polos servizos sociais comunitarios.

O importe da subvención por profesional será equivalente ó módulo económico establecido no artigo 47.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, sendo o seguinte:

- Por cada educador social (UTES e UNIS): 15.013 euros.

- Por cada titulado superior ou en posesión de grao universitario en Psicoloxía, Socioloxía ou materia relacionada cos programas desenvolvidos polos servizos sociais comunitarios (UNIS): 18.043 euros.

Inclúense nesta sección a subvención dun titulado superior ou en posesión de grao universitario en Psicoloxía, Socioloxía ou materia relacionada cos programas desenvolvidos polos servizos sociais comunitarios a entidades locais de menos de 5000 habitantes que sexan titulares de centros comunitarios de servizos sociais, situación na que se atopan os concellos de A Gudiña e Nogueira de Ramuín.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

Non se establecen subvencións para as entidades locais das áreas rurais de alta dispersión. Nestes supostos, a dotación técnica mínima será prestada mediante asistencia técnica do persoal do equipo provincial de servizos sociais, conforme co establecido na base III do presente Programa.

O cadro de distribución das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes, figura como anexo I do Programa.

III. Bases relativas á Acción 2: Asistencia económica para o Servizo de Axuda no Fogar Básico.

En virtude desta acción, a Deputación Provincial subvencionará a prestación no exercicio 2012 do servizo de axuda no fogar básico polos concellos ou mancomunidades de menos de 20.000 habitantes, tanto nos supostos en que sexa prestado por xestión directa ou por xestión indirecta.

Para estes efectos, considérase SAF básico aquel cuxos usuarios non teñan recoñecido o estatuto de persoas dependentes e accedan ó servizo en réxime de libre concorrència.

O importe da subvención por entidade local determínase pola aplicación das seguintes regras:

1) A contía inicial da subvención establécese por aplicación da ratio de cobertura por habitante recollida no anexo III do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, asignándose un importe por unidade de convivencia resultante de dividir o crédito orzamentario dispoñible entre o número de unidades existentes, conforme co seguinte cadro:

Concellos de áreas caracterizadas como semiurbanas:

De 10.000 a 20.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 400 habitantes.

Menos de 10.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 350 habitantes.

Concellos de áreas caracterizadas como áreas rurais:

De 12.000 a 20.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 250 habitantes.

Menos de 12.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 175 habitantes.

Concellos de áreas rurais de alta dispersión: *1 unidade de convivencia por cada 75 habitantes.*

Nos supostos en que o servizo de axuda no fogar sexa prestado por mancomunidades a contía será o resultado de suma-las cantidades correspondentes dos distintos concellos que a integran.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

2) *As contías obtidas conforme coa regra 1) corríxense aplicando os seguintes criterios correctores:*

a) Ningún concello ou mancomunidade poderá percibir unha subvención superior ó 300 % da percibida no exercicio 2011 da Xunta de Galicia polo mesmo concepto (servizo de axuda no fogar).

b) Cando a contía correspondente ó concello ou mancomunidade por aplicación da regra 1) sexa inferior á percibida da Xunta de Galicia polo mesmo concepto na anualidade 2011, a dita contía increméntase aplicándolle un coeficiente de 1,25, co límite máximo da contía percibida da Xunta de Galicia na anualidade 2011.

O cadro de distribución das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes conforme coas regras precedentes, figura como anexo II do presente Programa.

IV. Bases relativas á Acción 3: Asistencia técnica e xurídica ós servizos sociais municipais.

O equipo técnico provincial de servizos sociais integrarase por empregados públicos ó servizo da Deputación Provincial, que operarán baixo a dependencia do Servizo de Fomento de Emprego, Igualdade e Asuntos Sociais e realizarán labores de asistencia ós equipos municipais e mancomunais, comprendendo as seguintes prestacións:

a) A asistencia técnica precisa para garanti-la prestación de servizos por profesionais dos servizos sociais comunitarios (educadores sociais) nas entidades locais correspondentes a áreas rurais de alta dispersión (garantindo un educador social por área nas entidades de 2000 a 5000 habitantes e a súa presenza periódica nas entidades locais de menos de 2000).

b) Cubrir eventuais carencias ou insuficiencias dos servizos municipais e, ó mesmo tempo, senta-las bases dunha rede provincial de recursos complementarios dos municipais que incrementen o nivel de cobertura das necesidades específicas que son obxecto dos servizos sociais comunitarios, particularmente as que leven consigo unha especial complexidade técnica, incluíndo:

- Substitución de técnicos municipais en supostos de baixas temporais debidamente xustificadas.

- Prestación de asistencia técnica e xurídica no eido de actuación dos equipos municipais, en particular en casos que presenten una problemática especial.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

Estas prestacións serán gratuítas para os concellos e mancomunidades, sendo por conta da Deputación tódolos custos salariais e de seguridade social do persoal así como as indemnizacións por desprazamento e manutención, se é o caso. Non obstante, no suposto do apartado b) a prestación non implicará necesariamente o desprazamento do persoal provincial á entidade local, agás cando sexa estritamente necesario.

As prestacións de asistencia técnica comprendidas no apartado a) planificaranse de oficio dende a Deputación Provincial a partir do 1 de setembro de 2012, garantindo os mínimos sinalados. En todo caso, esta prestación terá carácter prioritario respecto da comprendida no apartado b).

As prestacións de asistencia técnica comprendidas no apartado b) levaranse a cabo trala solicitude previa motivada da entidade local interesada. Esta solicitude deberá remitírselle por escrito ó Servizo de Fomento de Emprego, Igualdade e Asuntos Sociais da Deputación, entendéndose automaticamente concedida se non é obxecto de denegación no prazo de sete días naturais dende a súa recepción.

Co obxecto de garanti-la efectividade desta acción, a Deputación destinará con carácter prioritario os fondos do convenio de cooperación coa Xunta de Galicia para o fomento de emprego do exercicio 2012 á contratación de persoal coa titulación profesional precisa para a cobertura desta asistencia técnica. Así mesmo, a Deputación Provincial contratará persoal específico para o reforzamento do servizo de axuda a domicilio naqueles municipios nos que o dito servizo resulte insuficiente. O persoal contratado dependerá da Deputación Provincial nos mesmos termos que o equipo técnico provincial de servizos sociais”.

2º) Ordena-la publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial, para xeral coñecemento.

ANEXO I:

CORPORACIÓN LOCAL PRESTADORA DE SSCM	UNIDADE TÉCNICA		TITULADOS MEDIOS. EDUCADORES SOCIAIS.	COFINANCIAMENTO	TITULADOS SUPERIORES	COFINANCIAMENTO
Allariz	UTES	RURAL 28	1,0	15013		
Barco de	UNIS	RURAL 31	1,0	15013	1,0	18.043,00

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

Valdeorras, O						
Carballiño, O	UNIS	RURAL 25	1,0	15013	1,0	18.043,00
CCC A Gudiña		C.COMUNITARIO			1,0	18.043,00
CCC Nogueira de Ramuín		C.COMUNITARIO			1,0	18.043,00
Manc. de Verín	UTES	RURAL 30	1,0	15013		
Manc. do Carballiño	UTES	RURAL 25	1,0	15013		
Manc. do Ribeiro	UTES	RURAL 26	1,0	15013		
Manc. Santa Águeda	UTES	RURAL 24	1,0	15013		
Manc. Terras de Celanova	UNIS	RURAL 27	1,0	15013	1,0	18.043,00
Pereiro de Aguiar, O	UTES	RURAL 24	1,0	15013		
Ribadavia	UTES	RURAL 26	1,0	15013		
Verín	UNIS	RURAL 30	1,0	15013	1,0	18.043,00
Xinzo de Limia	UTES	RURAL 29	1,0	15013		

ANEXO II:

ENTIDAD LOCAL	2012
Allariz	12.842,52
Amoeiro	3.251,55
Avión	6.780,68
Baltar	2.528,20
Bande	10.113,80
Baños de Molgas	3.916,06
Barbadás	10.440,31
Barco de Valdeorras, O	17.650,32
Blancos, Os	2.382,12
Bola, A	3.612,06
Bolo, O	2.957,03
Calvos de Randín	2.523,44
Carballeda de Avia	4.034,07
Carballeda de Valdeorras	3.903,18
Carballiño, O	18.767,16

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

Castrelo de Miño	3.892,45
Castrelo do Val	2.992,38
Castro Caldelas	9.078,46
Chandrea de Queixa	3.099,23
Coles	6.864,36
Cualedro	4.064,43
Entrimo	6.999,55
Esgos	3.202,58
Gudiña, A (CSS)	7.780,61
Larouco	1.195,20
Laza	3.349,57
Lobeira	4.921,71
Lobios	11.205,28
Maceda	8.392,70
Manzaneda	5.036,87
Maside	6.561,81
Melón	3.956,29
Mezquita, A	6.649,07
Montederramo	4.681,39
Monterrei	7.974,27
Muíños	10.909,23
Nogueira de Ramuín	6.386,39
Oímbra	4.198,74
Paderne de Allariz	3.435,40
Padrenda	6.243,94
Parada do Sil	3.244,43
Pereiro de Aguiar, O	13.269,53
Peroxa, A	4.675,66
Petín	2.703,69
Piñor	2.922,56
Pobra de Trives	12.296,77
Porqueira	2.797,57
Punxín	2.212,84
Rairiz de Veiga	4.350,58
Ribadavia	11.713,84
Riós	3.961,12
Rúa, A	10.125,96

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

Rubiá	4.186,96
San Cibrao das Viñas	4.912,77
San Cristovo de Cea	7.064,99
San Xoán de Río	4.431,04
Sandiás	3.730,98
Sarreaus	3.985,79
Taboadela	3.680,39
Teixeira, A	2.167,70
Toén	3.493,60
Trasmiras	3.421,21
Veiga, A	2.810,98
Verín	14.907,69
Viana do Bolo	16.257,18
Vilamarín	4.639,19
Vilamartín de Valdeorras	4.392,42
Vilar de Barrio	3.963,13
Vilar de Santos	2.349,13
Vilardevós	5.852,63
Vilariño de Conso	3.861,82
Xinzo de Limia	22.163,80
Xunqueira de Ambía	3.641,40
Xunqueira de Espadanedo	1.998,06
Arnoia	16.310,64
Beade	
Cenlle	
Cortegada	
Leiro	
Cartelle	36.117,84
Celanova	
Gomesende	
Merca A	
Pontedeva	
Quintela de Leirado	
Ramirás	
Verea	15.483,98
Beariz	
Boborás	

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

Irixo O	
San Amaro	

3º.- ORDENANZA REGULADORA DA ESCOLA PROVINCIAL DE DANZA.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, anuncia a súa abstención.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia o voto favorable do seu grupo xa que son consecuentes co que teñen dito sobre que as taxas e os prezos públicos son fundamentais. Quere que quede claro que o que se aproba é a fixación dos prezos. Solicita que cando se marquen eses prezos se lle dea conta ó Pleno. Observaron que nas bases xa se recolle que se vai favorecer ós colectivos que o están pasando mal e non teñen ingresos e solicita que, se pode ser, eses colectivos queden exentos, trala xustificación previa da súa situación. Anuncia que cando se fixen os prezos, e sempre que non sexan excesivos e se favoreza as persoas sen recursos, o seu voto será favorable.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que isto é unha consecuencia máis do plan de axuste aprobado no seu día e valorado favorablemente polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Quere engadir que neste momento nada pode ser gratis totalmente e chegou o momento de que todos compartan esforzos. A fixación destes prezos levaraa a acabo a Xunta de Goberno, pero o Pleno ten os seus mecanismos de control para poder manifesta-lo que se crea conveniente.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que reserva a súa intervención para o seguinte punto da orde do día.

O **Sr. presidente** manifesta que, con respecto á achega que fixo o voceiro do Grupo Socialista, no artigo 4º.1.c) xa se recolle que na fixación das tarifas poderán establecerse bonificacións dirixidas a persoas con baixo nivel de renda ou pertencentes a colectivos especialmente desfavorecidos. Lembra que antes de que a Xunta de Goberno fixe os prezos públicos as propostas irán ás comisións informativas oportunas, onde se poderán face-las manifestacións que se crean convenientes.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención do deputado do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora da Escola Provincial de Danza, co seguinte contido:

Artigo 1º. Definición e obxecto.-

1. A Escola Provincial de Danza constitúe un servizo público de carácter cultural e educativo de titularidade da Deputación Provincial de Ourense, desenvolto ó abeiro da competencia atribuída ó goberno provincial para a realización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de educación e cultura, de conformidade co disposto no artigo 118.d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

2. O obxecto principal da Escola Provincial de Danza o constitúe o ensino con carácter non regrado das danzas e músicas tradicionais de Galicia, así como a realización de actividades complementarias do dito obxecto principal, tales como concursos, exposicións e outras análogas. As actividades concretas que integrarán o servizo determinaranse anualmente conforme co previsto no artigo 3.

3. A Escola Provincial de Danza é un establecemento dependente da administración provincial e carente de personalidade xurídica, integrándose, para tódolos efectos, na Deputación Provincial de Ourense, a cuxos órganos de goberno corresponde, en exclusiva, a adopción dos actos e disposicións precisos para o seu funcionamento, e, en particular, de calquera acto administrativo con efectos fronte terceiros.

Artigo 2º. Réxime de xestión.-

A Escola Provincial de Danza poderá xestionarse mediante calquera dos modos de xestión previstos na lexislación de réxime local.

Artigo 3º. Programación anual da Escola.-

1. As actividades que desenvolverá a Escola determinaranse antes do 15 de setembro de cada exercicio, para un período máximo de doce meses. A programación anual será aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial, a proposta da Dirección da Escola, e incluírá as determinacións seguintes:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

- Accións formativas que se desenvolverán, incluíndo o seu calendario e a relación de recursos humanos e materiais necesarios para a súa impartición.
- Prazos e procedemento de inscrición para a participación nas accións formativas.
- Outras actividades previstas
- Prezos públicos dos servizos previstos, fixados de conformidade co establecido no artigo 4, sempre e cando a facultade para a súa fixación fose delegada na Xunta de Goberno.

A programación poderá suxeita-lo efectivo desenvolvemento das accións previstas ó cumprimento de determinadas condicións de carácter obxectivo, e, en particular, á existencia dun número mínimo de alumnos matriculados na acción formativa.

Igualmente, a programación poderá establecer requisitos específicos de acceso das persoas interesadas ás accións formativas ou doutro tipo que leve a cabo a Escola. Estes requisitos deberán ter unha xustificación obxectiva e en ningún caso poderán ser discriminatorios. En particular, non se considerará discriminatoria a restrición de acceso a determinadas actividades a persoas pertencentes a colectivos específicos precisados dunha especial atención por parte das administracións públicas.

2. A programación aprobada será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial.

3. A programación anual poderá ser modificada por razóns de oportunidade ó longo da súa vixencia.

Artigo 4º.- Prezos públicos dos servizos prestados pola Escola Provincial de Danza.

1. Os servizos prestados pola Escola Provincial de Danza serán gravados mediante prezos públicos de xeral aplicación, que se determinarán mediante as seguintes regras:

- a) Dado o carácter de interese cultural, social e educativo das actividades desenvolvidas pola Escola, os prezos non terán que cubrir integramente os custos do servizo. Non obstante o anterior, deberán cubrir cando menos e como regra xeral, o 40 % dos custos do servizo, agás naqueles casos en que se trate de servizos dun marcado carácter social dirixidos especificamente a colectivos especialmente desfavorecidos.
- b) Na fixación dos prezos públicos por accións formativas poderase esixir unha tarifa en pagamento único en concepto de matrícula e unha tarifa de pagamento periódico polos servizos efectivamente recibidos.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

- c) Na fixación das tarifas poderán establecerse bonificacións dirixidas a persoas con baixo nivel de renda ou pertencentes a colectivos especialmente desfavorecidos.
 - d) Os prezos públicos esixiranse en réxime de autoliquidación, que se realizará no momento da inscrición nas actividades gravadas. O pagamento dos prezos públicos será requisito inescusable para a admisión nas actividades ou servizos gravados, e o cesamento no seu pagamento determinará a suspensión automática no dereito á recepción do servizo.
 - e) A fixación dos prezos dos diferentes servizos e actividades poderá delegarse na Xunta de Goberno, suposto no que se incluírá na programación anual da Escola.
 - f) O pagamento dos prezos poderá realizarse en efectivo ou mediante domiciliación en entidade de crédito. A Presidencia poderá autorizar outros medios de pagamento.
2. O acceso ás exposicións organizadas e xestionadas pola Escola será gratuíto.

Artigo 5º. Procedemento de inscrición e baixa nas actividades incluídas na programación anual.

1. A inscrición nas actividades da Escola realizarase mediante instancia dirixida á Presidencia, nos modelos que se establezan para o efecto, nos prazos establecidos na programación anual, podendo presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Os solicitantes deberán cumprir-los requisitos que, se é caso, estableza a programación anual para a actividade de que se trate.

Concluído o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia resolverá sobre as inscricións solicitadas, mediante decreto que non será obxecto de notificación individualizada, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense.

2. A Presidencia, de oficio, e trala tramitación previa de expediente contradictorio con audiencia dos interesados, poderá declara-la baixa forzosa dos usuarios que vulneren as normas básicas de convivencia no desenvolvemento das accións ou de calquera xeito perturben o seu normal funcionamento.

3. Os interesados poderán, en calquera momento, causar baixa voluntaria en calquera acción na que participen, comunicándollo á dirección da Escola.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

4. A baixa nas accións nas que participen os usuarios non dará dereito á devolución dos prezos públicos aboados en concepto de matrícula, nin ós correspondentes ós servizos xa prestados ou ós servizos correspondentes ó período de facturación no que se produza a dita baixa.

5. No non previsto na presente ordenanza, serán de aplicación as previsións que estableza a programación anual e, no seu defecto, as normas xerais de procedemento administrativo común.

Disposición derradeira

A presente ordenanza entrará en vigor a partir do décimo quinto día hábil contado a partir do día seguinte o da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Non obstante o anterior, o establecido nos artigos 3, 4 e 5.1 da Ordenanza só será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2013.

2º.- Someter este acordo a información pública, polo prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio que se publicará no BOP, para a presentación de reclamacións e suxestións. As ditas reclamacións e suxestións serán resoltas polo Pleno desta Deputación Provincial. No caso de que non se presentara ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

4º.- DELEGACIÓN NA XUNTA DE GOBERNO DO EXERCICIO DE COMPETENCIA PARA A FIXACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS DA ESCOLA DE ARTES E OFICIOS.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que o portavoz do Grupo Socialista xa apuntou no punto anterior que os prezos deben ser acordados coa situación que estamos a sufrir. A escola ten unha finalidade didáctica e un claro fin social, pois moitos dos seus alumnos son xente maior que ven na Escola unha oportunidade de desenvolver unha actividade e ó mesmo tempo de socializarse. Pensa que a Escola ten que seguir a ter continuidade para o futuro, e gustaríalle que o Sr. presidente se comprometese a isto. Xa dixo o portavoz do Grupo Popular que agora nada pode ser gratis, pero pensan que debe ser dun xeito razoable e uniforme e para tódolos organismos e escolas. Anuncia que o seu voto vai ser abstención.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que votarán a favor. Pensa que o todo gratis nunca debeu existir e no seu concello sempre se fixo un esforzo para aquelas persoas que estaban en peor situación. Non se poden deixar de prestar servizos básicos (como os servizos sociais) en favor de facer festas e mercados, e diso somos todos responsables. Prefire darlle servizo a unha persoa que o necesite e deixar de tirar fogos en festas. No anterior Pleno fíxose unha crítica feroz, non á ordenanza nin ás taxas, senón á precipitación coa que se fixo. Insta ó presidente a que siga facendo este tipo de exercicios de reflexión, porque hai servizos que non se teñen que deixar de dar se somos quen de adecualos ós tempos nos que vivimos.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que tanto neste punto como no seguinte, o que pretende o grupo de goberno e a Presidencia é a máxima celeridade posible nos trámites administrativos. As comisións informativas serán previas ós acordos da Xunta de Goberno. Esta é unha proposta doutras máis que se van traer ó Pleno, pero tanto o Sr. secretario xeral como a Sra. interventora van pedir aumento de soldo, porque os estamos atrapallando con tanta celeridade, e as cousas hai que levalas con certa calma. En canto a ter en consideración as dificultades económicas de determinadas familias, xa o Sr. presidente apuntou que se recolle na propia ordenanza e está seguro que todos seremos sensibles a este tipo de circunstancias á hora de fixa-los prezos.

O **Sr. presidente** di que esta delegación na Xunta de Goberno e a do seguinte punto son froito dunha serie de ordenanzas como a que vimos de aprobar e como as que se aprobarán nos vindeiros meses como as que van regula-la Real Banda de Gaitas, o Teatro Principal, o Centro Cultural, etcétera.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención do deputado do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1º.- Delegar na Xunta de Goberno da Deputación o exercicio da competencia para a fixación dos prezos públicos da Escola de Artes e Oficios da Deputación Provincial de Ourense.
- 2º.- A presente delegación de competencias terá efectos a partir do día seguinte á entrada en vigor da Ordenanza reguladora da Escola de Danza da Deputación Provincial de Ourense.
- 3º.- O presente acordo publicarase no BOP para xeral coñecemento.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

5º.- DELEGACIÓN NA XUNTA DE GOBERNO DO EXERCICIO DE COMPETENCIA PARA A FIXACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS DA ESCOLA DE DANZA.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes.

O Sr. presidente manifesta que se dá por reproducido neste punto o debate do punto anterior.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención do deputado do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo

1º.- Delegar na Xunta de Goberno da Deputación o exercicio da competencia para a fixación dos prezos públicos da Escola de Danza da Deputación Provincial de Ourense.

2º.- A presente delegación de competencias terá efectos a partir do día seguinte á entrada en vigor da Ordenanza reguladora da Escola de Danza da Deputación Provincial de Ourense.

3º.- O presente acordo publicarase no BOP para xeral coñecemento.

6º.- DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS DE XESTIÓN E RECADACIÓN TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención do deputado do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Acepta-la delegación de competencias nesta Deputación, que acordou o Pleno do Concello de Xinzo de Limia, na sesión do día 28 de xuño de 2012, para a xestión tributaria e recadación do Imposto sobre incremento de valor de terreos de natureza urbana, ó abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985, de bases do réxime local e artigo 7 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no mencionado acordo do Pleno do Concello.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

7º.- MOCIÓN DO BNG CONTRA AS MEDIDAS ECONÓMICAS E REFORMA DO RÉXIME LOCAL DO GOBERNO DO PARTIDO POPULAR.-

O Sr. presidente dá conta de que tanto o Grupo Popular como o Grupo Socialista presentaron emendas de substitución a esta moción e dálle a palabra o Sr. Rodríguez Puga para que defenda a moción.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, dá lectura á moción, co seguinte contido: *“O Goberno central vén de anunciar unha reforma do réxime local, sen ter en conta nin a opinión das Comunidades Autónomas con competencias como é o caso de Galicia, nin tampouco dos axentes municipais a través das asociacións representativas do municipalismo. Baixo o pretexto da crise, pretende impor unilateralmente un modelo centralista local, que impida calquera posibilidade de adaptar á realidade galega o réxime local, alén de limita-la autonomía dos concellos á hora de xestionar os seus servizos para potencia-lo papel das deputacións provinciais. Incluso, como actuación fronte á crise, trátase dunha proposta de reforma condenada ó fracaso, pois nin actúa sobre as causas reais que provocan a asfixia no financiamento dos concellos, nin tampouco garante unha suficiencia de fondos para atender-las competencias municipais e as crecentes necesidades que as veciñas e os veciños demandan dos concellos. O obxectivo que se persigue coa reforma é reforzar unha estrutura institucional caduca e sen utilidade, como son as deputacións provinciais, pois as súas funcións, de querer abordar unha reforma do mapa local con racionalidade, poderían ser asumidas polos concellos e pola Xunta de Galicia. A persistencia en manter e mesmo favorecer o modelo provincial, máis aínda cando existen restricións nos recursos económicos dos concellos para atender servizos e políticas sociais básicas, incide negativamente nunha xestión eficaz do diñeiro público, xa que obriga a manter estruturas burocráticas cuxa acción apenas repercute na veciñanza. Xa que logo, o realmente inaprazable é suprimi-las deputacións provinciais para que os concellos poidan dispor de máis fondos para atender directamente os servizos básicos que prestan, e tamén para que as políticas locais se coordinen a nivel galego a fin de garantir un acceso equitativo en todo o país. Por outra banda, tamén se propón polo goberno eliminar concelleiros e concelleiras, cando a súa incidencia no gasto público é ínfima tendo en conta que a maior parte dos cargos electos locais non perciben retribucións por dedicación exclusiva. O que en realidade agocha esa proposta é unha tentativa de eliminación do pluralismo político, para reforzar no eido local un bipartidismo que está en crise, de impedir*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

que forzas alternativas teñan voz e capacidade de decisión nos gobernos locais. Tamén os concellos se vén afectados por medidas xa aprobadas, como é a redución salarial que de novo se lles aplica ás empregadas e empregados públicos, cando xa foron medidas ensaiadas con anterioridade que non contribuíron á recuperación económica senón que agravaron a situación de recesión por restar capacidade económica a un colectivo importante de persoas. En suma, un conxunto de propostas cuxo obxectivo, máis que actuar contra a crise desde unha perspectiva social onde se favoreza ás persoas e colectivos máis afectados a través dunha redistribución da renda e da riqueza, inciden na liña de aproveitarse da crise para implanta-lo programa de máximos da dereita económica, inspirados no dogmatismo neoliberal, que en realidade procura mante-los privilexios dos de sempre a costa de recortar dereitos das maiorías sociais. E por isto que o grupo provincial do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorable do Pleno da Corporación para a adopción dos seguintes acordos: 1º.- Rexeitalas medidas de reforma da Lei de bases de réxime local adoptada polo goberno do PP no Estado, en canto invaden as competencias propias de Galicia, non solucionan a falla de financiamento que sofren os concellos galegos e atacan a autonomía municipal dos concellos de menos de 20.000 habitantes –amplísima maioría dos concellos galegos – potenciando ás deputacións provinciais. 2º.- Rexeita-la redución de número de concelleiros e concelleiras que se pretende por canto reduce o pluralismo político, a necesaria participación na xestión municipal e non significa aforro económico ningún por canto a inmensa maioría de concelleiras e concelleiros non perciben retribucións económicas. 3º.- Demanda-la supresión das deputacións provinciais pasando as súas funcións a concellos e Xunta de Galicia, que levará consigo un importante aforro económico e unha eficiencia na xestión. 4º.- Manifesta-la nosa oposición a cargar sobre os funcionarios e funcionarias públicos e especialmente sobre o funcionariado municipal a crise económica coa supresión da paga extra do Nadal e sobre a cidadanía coa suba do IVE, co recorte nas prestación ó desemprego, medidas que levarán consigo unha redución da capacidade adquisitiva e unha caída no consumo e na actividade económica que prexudicará gravemente ó comercio e á actividade económica local.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións, por orde de presentación das emendas:

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que, por ordena-lo debate e non falar a destempo, na súa intervención vai concluír presentando o texto da emenda,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

se lles parece ben ó resto dos grupos.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, tamén fará unha exposición da emenda ó final da súa intervención e tamén entende que o portavoz do Grupo Popular fale detrás del. A moción do BNG é moi ampla nos seus acordos e con algún deles están de acordo, pero o Grupo Socialista ten outra visión con referencia a outros acordos que se expoñen na moción xa que se mesturan moitas cousas das que xa se ten falado neste Pleno, como a subida do IVE, baixa do salario dos funcionarios, etcétera, temas nos que están confrontados e incluso os propios membros do Grupo Popular, aínda que non sexa publicamente. Cando nos referimos á administración local hai que ter en conta varias cousas. A crise está a poñer de manifesto as gretas que ten a estrutura do estado das autonomías e o goberno está intentando avanzar nunha profunda reorganización das administracións territoriais do Estado. O PSOE está disposto a dialogar pero con condicións, xa que non se pode intentar impoñer un modelo que de por si ten que ser co máximo acordo ó que se poida chegar con tódolos grupos políticos. O Grupo Socialista rexeita de forma enérxica a reforma da Lei de bases do réxime local, porque non só invade competencias en Galicia senón que ataca a base do municipalismo. O outro día leu unhas declaración do portavoz do Grupo Popular na Deputación, o Sr. Álvarez Dobaño, nas que dicía que os concelleiros practicamente facían un labor social, e está de acordo con el nese sentido, porque hai moitos concelleiros que teñen dedicación exclusiva ou parcial pero gratuíta, sen remuneracións. Non se pode facer demagogia dicindo que os concelleiros son o problema do país cando sabemos que a administración local representa máis ou menos o 7% do total do déficit das administracións públicas e a maior parte dese tanto por cento é de concellos que teñen moita capacidade para dar servizos (grandes cidades que son as que máis incumpren). Supón que os alcaldes do Grupo Popular non están a favor disto, porque é quitarlles competencias, quitarlles retribucións por facer un traballo digno —os políticos son os únicos que se poñen o soldo, pero tamén son os únicos que teñen potestade para baixalo—. Pensa que tiña que haber unha lei que regulase isto, así non habería ese desequilibrio en canto ó soldo duns alcaldes e outros en concellos similares. O Grupo Socialista vai reivindicar-lo papel dos concellos por enriba de todo, porque son os que dan servizos, os que poñen a cara, aínda que lla partan en sentido metafórico. Na provincia de Ourense esta reforma da Lei de bases afectaríalles a noventa e un concellos dos noventa e dous que a compoñen. As deputacións son as únicas institucións ás que non lles votan directamente os cidadáns e agora

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

formulase a proposta de darlles máis competencias a custa de quitarllas ás autonomías ou ós concellos. O Grupo Socialista non apoia isto e pensa que ó mellor as deputacións tiñan que desaparecer antes que as outras administracións. Pensa que facer reflexións a curto prazo, demagóxicas e oportunistas non levan a nada, e o Grupo Popular é o que ten que instarllas ós seus representantes, que gobernan en tódolos sitios, para que fagan unha reflexión profunda.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, pensa que as posturas están claras e non quere dar pé ó oportunismo político. Quere deixar clara a postura do Grupo Popular ante toda a cidadanía da provincia, xa que en situacións de dificultade é moi fácil facer oportunismo político. Entre as reformas estruturais que o Goberno se comprometeu a levar a cabo atópase a recionalización dos servizos públicos baixo a premisa “unha administración, unha competencia”. Isto significa que se van eliminar duplicidades competenciais entre o Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais. O PP de Galicia saúda á reforma do mundo municipal, pois coincide co Goberno do Estado na súa necesidade. Nela han de participar de xeito activo tanto as comunidades autónomas como as federacións de municipios (FEMP e FEGAMP). Autonomías como a galega teñen recollida nos seus estatutos a competencia para a ordenación municipal, polo que tanto a Xunta de Galicia como a totalidade dos concellos representados na FEGAMP deberán ser escoitados durante todo o proceso de tramitación da reforma. A nosa comunidade ten a metade dos núcleos de poboación do Estado. É evidente que na actualidade os concellos prestan máis servizos dos que legalmente lles corresponden, pero non porque estean sobredimensionados, senón porque dan resposta ás necesidades dos seus veciños e veciñas, tarefa desenvolta cun financiamento moitas veces insuficiente. Non se debe esquecer que a administración local é a menos endebedada e máis saneada de España (xa o apuntou o Sr. Gómez) e tense que recoñecer que os concellos teñen o mérito de se-la primeira administración en axustarse á contención orzamentaria. Hai só uns días, o Consello de Ministros presentou un informe sobre o Plan de Reformas para o segundo semestre deste ano. O obxectivo do plan non é outro que reforma-las administracións públicas, gañar en competitividade e mellora-la economía española para o seu crecemento. Este plan inclúe vinte leis, é unha delas será efectivamente a Lei de racionalización e sustentabilidade da administración local, na que, entre outros moitos aspectos, se abordará a suficiencia financeira dos concellos. O documento presentado polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, partindo duns obxectivos razoables, como son os de clarifica-lo mapa competencial,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

busca-la eficiencia na prestación dos servizos públicos e eliminar duplicidades indesexables, chega a un resultado desafortunado e non lles dá resposta adecuada á realidade de Galicia e ós seus municipios. O PP de Galicia e o Grupo Popular da Deputación piden xa desde o momento de xestación da reforma que haxa espazo para as matizacións e o consenso, e que se teña en conta todo canto xa se levou a cabo na nosa comunidade a prol da austeridade e a eficiencia nas administracións. Aquí é preciso subliñar que xa a FEGAMP e os municipios galegos deron pasos firme e decididos no tocante ás retribucións axeitadas e equilibradas das corporacións locais. Sería moi ben acollida, como xa se ten dito, a elaboración dunha táboa salarial de referencia con criterios axeitados e proporcionados á poboación e ós orzamentos, que respecte a singularidade de Galicia. É preciso abrir un proceso de diálogo na liña do acordo alcanzado por unanimidade no seu da FEGAMP. Para o PP de Galicia, as retribucións económicas dos cargos electos municipais teñen que ser acordes coa valía e capacitación de quen os desenvolve, equilibradas segundo os orzamentos, transparentes cara á sociedade e á veciñanza, e seguras desde o punto de vista xurídico, pois só deste xeito se contribuiría á redución da desconfianza con que a cidadanía mira hoxe en día ós seus representantes. Xa vai sendo hora de que todos colaborem e nos poñamos de acordo para dignifica-la política e non deostala. A reforma ten que ser adaptada a todo o Estado e respectuosa coas peculiaridades, singularidades e características esenciais da nosa Galicia. A participación activa durante todo o proceso de elaboración da norma, a voz dos concellos representada pola FEGAMP e as achegas da nosa comunidade, contribuirán positivamente a que se logre o desexado consenso e a que se acade o éxito procurado. O goberno local e o municipalismo galego ben o merecen e niso seguro que estamos todos de acordo. Por todo iso o no sentido de respectar a quen nos representa (FEGAMP e FEMP) a súa emenda de substitución vai nese sentido. Se non se acepta a súa emenda veranse na obriga de votar en contra da moción, xa que aínda que están de acordo con algúns puntos non a poden votar no seu conxunto. Dá lectura á emenda de substitución, co seguinte contido:

“A Deputación acorda dirixirse ó Goberno de España: 1º.- Para que reconsidere as medidas propostas polo informe do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas sobre a reforma da Lei de bases de réxime local. 2º.- Para que se abra unha negociación coa FEGAMP e coa FEMP, coa participación das comunidades autónomas para aprobar unha nova normativa en materia de réxime local que, partindo do recoñecemento da autonomía política e administrativa dos gobernos locais: Permita ter en conta a problemática específica dos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

concellos da nosa provincia. Contribúa a elimina-las duplicidades existentes entre os diversos niveis de goberno. Asegure o recoñecemento de competencias ás entidades locais e un marco financeiro acaído para o seu exercicio”.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, entende que se estea de acordo con algúns puntos da moción, pero nas emendas presentadas hai puntos que chocan con outros que se propoñen na moción. Un deles é na emenda do Grupo Popular que pide que se asegure o recoñecemento de competencias ás entidades locais e un marco financeiro acaído para o seu exercicio, algo que lles produce xa un contratempo. En canto á emenda do Grupo Socialista de reafirma-la importancia das entidades locais, para o BNG as deputacións tamén son entidades locais e pide a súa desaparición porque entenden que non contribúen a vertebra-lo territorio; desde o punto de vista da austeridade son totalmente prescindibles; responden a un modelo territorial decimonónico e caduco. Con esa medida aforrariamos 400 millóns de euros e avanzaríamos cara un mapa territorial coas comarcas como estrutura básica. Suprimi-las deputacións suporía un aforro de sete mil millóns de euros, fronte os tres mil que se di que se aforrarían coa eliminación de concelleiros e concelleiras. As deputacións están asumindo un papel maior do que xa tiñan. Aquí díxose que os municipios son os menos endebedados e isto é algo contradictorio con respecto as deputacións que son as máis endebedadas (5.825 millóns de débeda). O reforzo do papel das deputacións vai en contra da autonomía local. Anuncia que non vai aceptar ningunha das emendas porque na súa moción hai un punto moi importante que é a supresión das deputacións pasándolle-las súas funcións ós concellos, que tamén é eliminar duplicidades. A Xunta de Galicia e os concellos son os que teñen que leva-lo peso político da administración e non a duplicidade que supoñen as deputacións.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que non vai le-la súa emenda porque xa obra en poder dos señores deputados. Pensa que non tería que ser de substitución, podería ser de cumprimentación. Entende que é complicado aproba-las emendas, porque o Partido Popular lles está dando a razón nalgunha das cousas que se formulan, aínda que non digan que non lles gusta a Lei de bases do réxime local que está propoñendo o Goberno. Esta reforma aféctalles ós cidadáns porque se lles retiran competencias ós concellos e pregúntase quen vai dar esas competencias que se lles quitan. Entende que o Grupo Popular non vote a favor da moción, aínda que na emenda do Partido Popular de Ourense xa se pon de manifesto que non están de acordo coa reforma. Reitera que sería complicado que o Grupo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

Popular votara a favor porque os puntos que se inclúen nela son moi contraditorios cos asuntos que ten que vota-lo PP, aínda que cre que seguramente votarían a favor encantados. O Grupo Socialista vai votar a favor da moción porque lles gusta o espírito de tódolos seus puntos e a súa exposición de motivos. Poderíanse abster xa que no BNG non aceptan a súa emenda, pero para o Grupo Socialista non é ese o problema. Reitera que hai que facer unha reflexión profunda en non caer no oportunismo político como fai o Partido Popular en moitos aspectos. As deputacións son as institucións menos democráticas de todas porque non ten o voto directo dos cidadáns. A clave de todo é o financiamento que teñen que te-los entes locais, a súa transparencia, a súa eficiencia e a súa eficacia. O Partido Popular tamén vai aproba-la supresión de deputados na Xunta de Galicia, porque o seu oportunismo político prima máis que as necesidades dos cidadáns. Coa reforma da Lei de bases do réxime local o que vai ocorrer é que desaparezan os concellos e o Grupo Socialista está totalmente en contra destas medidas, porque pensa que se ten que desaparecer unha institución teñen que se-las deputacións. O Partido Popular de Galicia traspasoulle marróns a esta Deputación que eles non queren asumir para que, ó mellor, dentro duns anos lle quiten o financiamento e por outra banda quitan un decálogo das competencias que eles teñen que ter porque non cren que a Deputación as teña que ter. Pide que se aclaren, porque está constantemente en contradición o que pensa o Grupo Popular de Ourense e o que pensa o Sr. Feijóo. Para finalizar reitera que se faga unha reflexión profunda sobre a estrutura territorial do Estado.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, cre que a postura do Grupo Popular xa quedou clara. Están de acordo co que acordou a FEGAMP no seu último consello territorial, e están totalmente en contra co informe que publicou o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, fundamentalmente en dous apartados: a delimitación competencial e o financiamento local. Cre que queda suficientemente clara a súa postura, aínda que pensa que en tódolos partidos políticos hai distintas sensibilidades. O BNG fai demagogia tódolos días coa desaparición das deputacións e gustaríalle que algún día lles demostraran a todos onde estaría o aforro ó suprimilas. Pregúntase quen prestaría, por exemplo, os servizos de recadación, mantemento de vías provinciais, augas e medio ambiente, asistencia xurídica e técnica, se desaparecen as deputacións. Estes servizos teñen un custo preste quen os preste, entón non sabe onde estaría o aforro, e case ningún concello da provincia ten capacidade para prestar eses servizos eles sos ou a través das mancomunidades (que nesta provincia non funcionan moi ben).

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

O Grupo Popular ten moi claro que as deputacións son necesarias hoxe máis que nunca, porque están para axudar ós concellos pequenos. Está de acordo en que hai que redefini-las súas competencias que é por onde se ten que encamiña-la reforma das administracións locais cara ó futuro.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que non sabe a que ven agora o das distintas sensibilidades dos partidos políticos. Dille ó portavoz do Grupo Popular que os que se teñen que poñer de acordo son eles porque no día de hoxe saíu unha publicación, incluso con fotos, na que alcaldes do PP din que están de acordo coa supresión das deputacións e coa redución de concellos. O BNG está a favor de que se supriman as deputacións porque está comprobado que teñen duplicidade de competencias e ineficacia decimonónica xa que non son desta época, non lle achegan nada á autonomía municipal e hoxe en día non teñen razón de ser.

O **Sr. presidente**, en relación coa publicación á que se aludiu, di que nesa foto aparece el mesmo, pero que non ten nada que ver co que dixo o Sr. Rodríguez Puga, xa que se fala anonimamente e todos sabemos como acaban as cousas anónimas. Cre nas funcións que desenvolven os gobernos locais intermedios como as deputacións. Xa o portavoz do Grupo Popular preguntou quen faría determinadas cousas que se están a facer se non fosen desenvoltas polas deputacións. En Galicia hai un modelo no que participa o BNG de Lugo e el está en contra dese modelo, porque aquí se fala das deputacións pero cando se goberna nelas participase e de que xeito. Na lexislatura 2007-2011 tres deputados do BNG na Deputación de Lugo, dous deles de vicepresidentes con soldos superiores a 60.000 euros, un deles con dedicación exclusiva de 52.000 euros, e nove asesores que se manteñen nesta lexislatura de 2011, con postos relevantes nas executivas comarcais, consellos comarcais, etcétera, da súa organización na provincia de Lugo. Isto si que non é desta época, como tampouco o é desta época un modelo que desde esta Deputación non estamos a seguir, como o anuncio da vicepresidencia primeira da Deputación de Lugo, pagado con fondos públicos, cunha manifestación de tipo político. Pide que se fale das deputacións en serio, tanto nas que se goberna como nas que se forma parte da oposición.

Non se producen máis intervencións e xa que non hai acordo entre a moción inicial do BNG e as emendas que presentaron tanto o Grupo Socialista como o Grupo Popular, somete a votación, en primeiro lugar, a emenda presentada polo Grupo Socialista que resulta rexeitada ó obte-lo voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

do Grupo Popular (15) e do deputado do BNG (1).

Seguidamente sométese a votación a emenda do Grupo Popular, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15), a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e o voto en contra do deputado do BNG (1), a emenda resulta aprobada.

Seguidamente sométese a votación a moción inicial presentada polo BNG e co voto favorable do deputado do BNG (1) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15), a moción resulta rexeitada.

Como consecuencia das anteriores votacións, a moción resulta aprobada coa emenda de substitución presentada polo Grupo Popular, polo que a Corporación Provincial adopta o seguinte acordo:

“A Deputación acorda dirixirse ó Goberno de España:

1º.- Para que reconsidere as medidas propostas polo informe do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas sobre a reforma da Lei de bases de réxime local.

2º.- Para que se abra unha negociación coa FEGAMP e coa FEMP, coa participación das comunidades autónomas para aprobar unha nova normativa en materia de réxime local que, partindo do recoñecemento da autonomía política e administrativa dos gobernos locais:

- a) Permita ter en conta a problemática específica dos concellos da nosa provincia.
- b) Contribúa a elimina-las duplicidades existentes entre os diversos niveis de goberno.
- c) Asegure o recoñecemento de competencias ás entidades locais e un marco financeiro acaído para o seu exercicio”.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A RENUNCIA DA PAGA EXTRA DE NADAL.-

O Sr. presidente anuncia que se presentou unha emenda pola Presidencia na comisión correspondente. Dálle a palabra ó Sr. Gómez Pérez para que defenda o contido da moción.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que ninguén o pode acusar de facer demagogia cos soldos das persoas. Ás veces parece que se quere da-la sensación de que os concelleiros son uns vagos e cobran por non facer nada, e iso non é certo, a súa conciencia non lle permitiría tal cousa. Non se pode deosta-la política porque para non ter políticos xa tivemos 40 anos de experiencia. Pensa que debería existir unha lei que regulase a todos, sen excepción, na que se marquen uns soldos acordes coa cidadanía e co traballo que se fai para que non se dean esas diferenzas que se dan. Temos que ser consecuentes cos recortes e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

coas medidas de axuste (inxustificadas desde o seu punto de vista) que está tomando o goberno. Cre que os políticos deben dar exemplo por isto piden que se suprima durante o exercicio de 2012 a paga extraordinaria de Nadal dos deputados con dedicación exclusiva. Cando fixeron a proposta non sabían se estes deputados tiñan paga extra, por iso a opción da rebaixa do 7,1% durante o período dun ano.

A continuación, prodúcese as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que o BNG anuncia o seu voto favorable á moción, por considerar que neste momento, onde tanto xente está a padece-las consecuencias da crise, cómpre facer algo máis que xestos, sen que iso supoña abraza-la demagogia e darlle argumentos a aqueles que queren criminaliza-la política e ós políticos e que pensan que a política supón, en tódolos casos, un medio de enriquecemento persoal. Pero máis aló dos xestos tamén cómpre, pois, afondar nas causas e nas consecuencias da decisión tomada polo Goberno do Estado e que na nosa provincia afectan a miles de traballadores e traballadoras públicas, traballadores e traballadoras que son a base fundamental da economía local. O grupo provincial do BNG considera que estas medidas supoñen un ataque á liña de flotación da economía provincial e colocan ós empregados públicos nunha situación especialmente preocupante. A supresión da paga extra é un recorte salarial puro e duro que vén sumarse ós sucesivos recortes que xa padeceron durante o goberno do PSOE. Cómpre lembrar que os salarios do persoal das administracións públicas diminuíron nun 20% desde 2010 e que isto provocará máis empobrecemento nun sector onde hai moitos salarios que non chegan ós 1.000 euros. Con esta medida, o goberno do Estado pretende introducir así os plans de pensións nas administracións públicas, xa que a recuperación desa paga, será en 2015, por esa vía e non en metálico, e sempre baixo a premisa de que se cumpran os obxectivos de contención do déficit. Unha medida que beneficia, unha vez máis á banca e ó capital especulativo, que son quen os xestionan. Pero non é exclusivamente a supresión da paga extra do Nadal. En paralelo a iso hai que engadir a denominada equiparación das baixas por enfermidade. Unha decisión que supón gravar e penalizar a quen sufra unha doenza porque se lle vai detraer parte do seu salario, recortando aínda máis as retribucións. É tamén recorta-los nosos dereitos, como se fora un delito pórse enfermo. O anuncio dunha reestruturación completa da función pública para a redución do número de traballadores e traballadoras e a eliminación de días de libre disposición ten o mesmo obxectivo: a desaparición de servizos públicos e a súa privatización.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que sen acritude vai dar algún dato significativo. Cando o PP chegou ó goberno do Estado se atopou cunha situación extraordinariamente grave que había que corrixir canto antes. Ademais dos cinco millóns de persoas en paro, sumábaselle unha débeda de oitocentos mil millóns de euros das administracións públicas, polo que cumpría combater con firmeza a herdanza de débeda, déficit e paro. Fronte á ocultación dos gobernos socialistas o PP aposta pola transparencia e fronte á negación aposta por dici-la verdade. O compromiso do PP é que os españois saiban a verdade, porque teñen dereito a sabela e para afrontala hai que coñecela. É certo que agora se lles pide un novo esforzo ós funcionarios (pero a tódolos funcionarios, non só os municipais) e non é prato de boa mesa, pero tampouco lle debeu ser fácil a Zapatero baixárlle-lo soldo cando o fixo. En todo caso, hai unha diferenza, mentres que a rebaixa salarial que fixo o Sr. Zapatero foi permanente e definitiva, a medida de agora é temporal, e en Galicia, segundo a normativa, recuperable na mesma forma de retribución. O goberno de España viuse obrigado a adoptar estas decisións - que non se cansarán de dicir que son moi difíciles- porque temos unha débeda equivalente case ó PIB nacional dun ano. Parece ser que lle debemos ó exterior 977.000 millóns de euros, e temos un déficit de 90.000 millóns do ano 2011. En 2011 só se recadou un 30% do previsto, e, evidentemente, iso non foi responsabilidade do PP. O PP contaba con atoparse un déficit do 6% e atopouse co 8%. Por coherencia e consecuencia, os que agora alentan as manifestacións na rúa, deberían pedirlle desculpas á sociedade pola gravidade do dano ocasionado. Como eles non o fan, tócalle ó PP, desde a máis absoluta comprensión, pedirlle o seu apoio e colaboración nesta tarefa complexa de recuperar para o país o lugar que lle corresponde en Europa e no resto do espazo internacional. O BNG, que apoiou os orzamentos estatais nos sete últimos anos, tamén debería unirse ás desculpas. As cifras están aí, o que é medible non é opinable. España ten que tomar medidas para recupera-lo equilibrio, para o que é preciso a responsabilidade colectiva, o apoio, o esforzo e o sacrificio de todos: partidos políticos, organizacións empresariais e sindicais e cidadáns. A recuperación é tarefa de todos, só se conseguimos implicarnos acadarémo-lo reto de saír desta situación tan lamentable. Reitera o xa manifestado nesta sesión, para que quede clara a postura do PP, e di que para o PP de Galicia as retribucións económicas dos cargos electos municipais, teñen que ser acordes coa valía e a capacitación de quen os desenvolven, equilibradas segundo os orzamentos,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

transparentes cara á sociedade e á veciñanza e seguras desde o punto de vista xurídico, pois só deste xeito trataremos de dignifica-la política, porque ata o de agora fíxose todo o contrario.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que co que acaba de escoitar só lle queda pensar no que dicía a súa nai, cando queres ser bo non te deixan, pero o PP acostuma a utilizar este tipo de argumentos. En canto ás retribucións económicas dos cargos electos, non sabe ben ata que punto se pode medi-la valía de alguén, e en relación a que sexan acordos cos orzamentos pídelle ó Sr. Álvarez Dobaño que iso llo diga a algún dos alcaldes que están sentados ó seu carón. Para actuar con responsabilidade hai que ser responsables, e algúns datos publicados no BOP, cando menos, chaman á atención. O Grupo Popular pide que se chegue a un acordo de todos e pregúntase como se pode pedir isto e despois criminalizar ós sindicatos, por exemplo, dicindo que son uns vagos e que están ocupando postos. Hai un presidente do goberno que non será ben lembrado, pero, como di o refrán “detrás de mi virá quen bo me fará”, e para bo presidente o que está agora no goberno que se vai ó fútbol ou a presentar un libro que custa uns douscentos mil euros e despois nos dá clases de austeridade. Pensa que cando se fala hai que ter cautela e precaución, porque despois pasan cousas que non gustan. Sempre se di que esta situación é a herdanza que deixou o Partido Socialista, e supón que no déficit do Estado algo teñen que ve-los dezasete anos que leva gobernando o PP nas comunidades de Valencia, Murcia, Madrid ... que agora piden rescate. O portavoz do Grupo Popular dixo que o PP atopou dous puntos máis de déficit do que se dicía, pero peor foi no propio goberno de Madrid, que iso si que foi unha tomadura de pelo para os cidadáns. De nada vale intentar enganar á poboación porque os cidadáns xa non tragan. Non se pode pretender que sexamos submisos apelando á responsabilidade, cando o PP ten un ministro (isto dito por unha parlamentaria) que dixo que se caía o país xa o arranxaría o Partido Socialista. Pide que, para outras veces, os debates teñan que ver coas mocións e que non sirvan para facer demagogia.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que vai tratar de cingirse á moción, aínda que o debate xa se saíu dela. A xuízo do BNG, todas estas medidas, non fan máis que afondar no deterioro dos servizos básicos á poboación, dado que a destrución de máis emprego público, o aumento de cargas de traballo e o resto de recortes das condicións laborais só poden ir en detrimento da súa calidade, cando non a eliminación de moitos de eles. Se esta medida vai provocar un impacto importante no conxunto do Estado, na nosa provincia moito máis, xa que os empregados e empregadas públicas son o sostén do pequeno comercio, e vai

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

ocasionar unha maior detracción no consumo o que pode abocar a numerosos comercios da provincia a ter que pechar. Con respecto ós funcionarios di que sempre que fala deles se refire a todos, se fixo alusión ós municipais foi porque se estaba a falar deles. Xa empeza a non cre-las promesas e espera que o Sr. Feijóo siga a mante-los globos sonda e non siga acabando coa paciencia dos pobres funcionarios, que o soldo de moitos deles non chega ós mil euros. Como conclusión resume unha lectura que lle chamou a atención e que fai referencia ó proceso, co seguinte contido: Cando o barco vai a pique o capitán está recibindo ordes desde a costa por parte dos salvadores (Unión Europea) que lle din que solte lastre (menos déficit). O capitán redúcelle o rancho á tripulación (funcionarios), ordena tira-las pertenzas da pasaxe e da tripulación pola borda (IVE); ós contratados méteos nunhas balsas (que busquen a vida); os de terceira que paguen o que antes tiñan gratis, pero mantén os luxos dos oficiais e dos pasaxeiros de primeira que son os pesados e son os que utilizan as piscinas, os spas (deputacións).

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille ó Sr. Gómez Pérez que el non quixo rompe-las boas relacións e preguntalle se na súa intervención anterior deu algún dato que faltase á verdade. En canto á valía das persoas di que todos teñen dereito a ser alcaldes ou políticos, pero non todos teñen a mesma capacidade xa que non é o mesmo un peón de albanel que un licenciado en Dereito ou en Económicas, e tamén dependendo da capacidade orzamentaria do concello. Non nomeou ós sindicatos en ningún momento, pero coincidirán con el que hai que falar da situación dos liberados sindicais. O goberno do PP de Madrid recortou nun 40% as axudas ós sindicatos e ás organizacións empresariais. O PP non agocha ó seu presidente senón que presumen del. En canto á influencia no déficit das comunidades autónomas que nomeou o Sr. Gómez Pérez, manifesta que o controlador en quen goberna e cada un ten que asumi-las súas responsabilidades. As recomendacións da Unión Europea son obrigacións, pero xa o eran cando gobernaba o Partido Socialista. O PP tivo que desdicirse nalgunhas cousas do seu programa, pero aínda lle quedan catro anos para gobernar, entón a reválida hai que facela cando acabe a lexislatura. Lembra que ó Sr. Zapatero sempre se lle encheu a boca dicindo que xamais tocaría ás pensións nin os soldos dos empregados públicos e xa todos vimos canto tardou en facelo, aínda que está seguro de que non o fixo con gusto.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que si se din cousas que non son certas, ou polo menos inténtase darlle volta á realidade. Di que el non agocha ó Sr. Zapatero e si é certo que tomou medidas contra os funcionarios, pero coa diferenza de que ían

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

desde os que máis cobraban ós que menos cobraban (ós que non lles afectaba), pero á vez que se facía isto aprobábase seguir co financiamento dos máis débiles, da xente que estaba no paro para que puidesen seguir cobrando os 420 euros. Este plan remata agora e o PP non o vai seguir aplicando. Entre o PP e o Partido Socialista hai moitas diferenzas xa que o PP só lles quita ós máis débiles. En relación cos sindicatos di que a patronal non tiña que ter ningún tipo de subvención como organización, porque xa teñen subvencións por outras vías. Canto máis demonice o PP ós sindicatos máis adeptos van ter. Hai cuestións que se poden debater, que é o que vimos aquí, pero na intervención do portavoz do Grupo Popular saíron a relucir moitas cousas que non viñan ó caso. Pregunta, en relación coa subida do IVE, se morrer é un servizo básico ou non, xa que lle subiron o IVE nun 13%. Di que el representa ó Partido Socialista Obrero Español e a valía para representar ós cidadáns márcana os propios cidadáns. O seu fundador era unha persoa que traballaba nunha imprenta e creou este partido que ten 125 anos de historia. Respecta ás persoas que están formadas, porque canto máis formadas mellor poden face-las cousas, pero ser médico non implica ser un bo alcalde e ó mellor si o é un bo albanel, por iso di que a valía é moi difícil de cuantificar.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción de referencia, e por unanimidade dos vinte e catro membros corporativos o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Suprimir durante o exercicio 2012 a paga extraordinaria de Nadal de tódolos cargos con dedicación exclusiva da Deputación Provincial de Ourense e do INORDE.

9º.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR DONA MARMÍA DEL ROSARIO RODRÍGUEZ QUINTAS CONTRA O ACORDO ADOPTADO POLO PLENO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, EN SESIÓN DO 31 DE MAIO DE 2012, POLO QUE SE RESOLVERON AS ALEGACIONES FORMULADAS POLOS INTERESADOS E SE DECLAROU A NECESIDADE DE OCUPACIÓN DOS BENS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DE PISCINA MUNICIPAL, N.º 60/PB/2011, NO MUNICIPIO DE PORQUEIRA.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstencións dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Desestima-lo recurso de reposición interposto por D.^a M.^a del Rosario Rodríguez Quintas contra o acordo adoptado polo Pleno da Deputación Provincial de Ourense, na sesión do 31 de maio de 2012, rexeitando as súas alegacións polos seguintes motivos:

Alega a recorrente numerosas cuestións, das cales bastantes xa foron contestadas nas alegacións formuladas no trámite de información pública, e que se sintetizan nos seguintes apartados:

- 1) En primeiro lugar, alega a recorrente que a delegación de competencia levada a cabo para a tramitación do expediente expropiatorio é contraria ó disposto nos artigos 7.3 e 37 da *Lei 7/85, reguladoras das bases de réxime local* e no artigo 66 do *Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local*, disposicións que en ningún momento impiden tal delegación, citando ademais unha sentenza do TS do 3 de xullo de 1993, na cal se trataba un suposto de delegación de competencias dun concello nunha mancomunidade de municipios, suposto que non é posible por se-la potestade expropiatoria unha potestade que só dispoñen dela as administracións territoriais, entre as cales sí se atopan as deputacións provinciais e non as mancomunidades de municipios.
- 2) Alega a propietaria que o proxecto da obra obxecto da expropiación forzosa non foi exposto a información pública. Non obstante, a obra a que se refire o proxecto figura incluída no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de carácter municipal 2011, coa clave 60/PB/2011, e que foi obxecto de información pública, sendo, ademais, a dita inclusión no Plan Provincial a que lle outorga a declaración de utilidade pública á expropiación forzosa, ó abeiro do disposto no artigo 10 da *Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954*.
- 3) Alega a recorrente que o proxecto da obra non inclúe a valoración dos bens e dereitos afectados pola expropiación e que tampouco se lle deu traslado dela no trámite de información pública do expediente expropiatorio, o que implica confundi-lo que é o proxecto da obra co expediente expropiatorio. Na vixente lexislación sobre expropiación forzosa establécese que o valor dos bens e dereitos para expropiar será obxecto da peza

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

separada de prezo xusto (artigos 25 e seguintes da LEF), a cal aínda non foi incoada, tendo como obxecto o trámite de información pública a identificación dos posibles interesados e a concreción dos bens e dereitos afectados pola expropiación. (artigos 18 e seguintes da LEF).

- 4) Alega a recorrente que a autorización autonómica concedida pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, con data 25 de abril de 2012, (por te-las parcelas afectadas a cualificación de “solo rústico de protección agropecuaria”), resulta irregular, xa que é posterior á iniciación do expediente expropiatorio, o cal carece de relevancia, pois a dita autorización para os “usos e actividades” contemplados no artigo 33 da LOUGA é necesaria para a execución dos ditos “usos e actividades”, non para a incoación do expediente expropiatorio.

- 5) Tamén alega a propietaria que o proxecto incumpre o disposto no artigo 42.d) da LOUGA, o cal dispón que os recuamentos das construcións ás lindes da parcela deberán garanti-la condición de illamento e, en ningún caso, poderán ser inferiores a 5 metros. A este respecto, o informe emitido polo enxeñeiro autor do proxecto, D. Sergio Mascareñas Nogueiras sinala ó respecto que o proxecto conta con dúas edificacións, vestiarios e local almacén -recreo, sendo a súa distancia ós lindes da parcela superior a 5 metros. As canalizacións soterradas, así como a cámara que alberga a maquinaria da piscina, todas elas baixo rasante, constitúen instalacións subterráneas que en ningún caso poden ser consideradas como edificacións. Por outra banda, a rampla formigonada de acceso consiste nunha pavimentación feita sobre o terreo, e polo tanto non é un edificio, polo que tampouco debe gardar recuado cos lindeiros.

- 6) Por último, fai referencia a recorrente á construción dun campo de fútbol, un campo de voleibol e un parque de xogos, os cales non constitúen o obxecto deste procedemento expropiatorio, polo que non se entende a súa referencia no presente recurso.

2º.- Notificarlle este acordo á interesada de conformidade coa lexislación vixente.

10º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA OU-0215 TOÉN-ARNOIA, N.º 103/PB/2012, NO MUNICIPIO DE TOÉN.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

Obras e Cooperación.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención do deputado do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, ó figurar incluídas no “Plan Provincial de Cooperación as obras e servizos de carácter municipal 2012, Plan Base”, coa clave 103/PB/2012.

2º.- Acordar definitivamente a NECESIDADE DE OCUPACIÓN dos terreos que se indican a continuación,

N.º PARCELA EXPEDIENTE	N.º PARCELA/ POLIGONO CATASTRO	TIPO PARCELA	PROPIETARIO EXPEDIENTE	M² EXPRO.
01	095/021	RÚSTICA	JOSEFINA E ANTONIO PEREZ ESTEVEZ	645,87
02	055/021	RÚSTICA	JOSEFINA E ANTONIO PEREZ ESTEVEZ	111,67
03	056/021	RÚSTICA	JOSEFINA E ANTONIO PEREZ ESTEVEZ	175,33

3º.- Notificarlles este acordo ós interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

11º.- CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE RIBADAVIA, PARA A PRESTACIÓN, POR PARTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA, DOS SERVIZOS DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NO DITO MUNICIPIO.-

O Sr. secretario lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente, e co voto favorable dos deputados do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención do deputado do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aproba-la subscripción do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Ribadavia, para a prestación, por parte da Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, dos servizos de recollida de residuos sólidos urbanos no dito municipio, consonte coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

Constitúe o obxecto do presente convenio a regulación das condicións para a prestación, por parte da Deputación Provincial de Ourense, en réxime de competencia delegada, do servizo de recollida de lixo no Concello de Ribadavia, establecendo o réxime xurídico e económico desta fórmula de cooperación.

SEGUNDA.- Delegación de competencias relativas ó servizo de recollida de residuos sólidos urbanos. Ámbito funcional, material, territorial e temporal.

1. En virtude do presente convenio, o Concello de Ribadavia delega na Deputación Provincial o exercicio das competencias de ordenación, xestión e prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, así como as competencias sancionadoras en materia de residuos que, conforme coa lexislación vixente, lles correspondan ós concellos.

2. A delegación das competencias de ordenación, xestión e prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos comprenderá o exercicio das seguintes funcións:

- a) A ordenación do servizo, incluíndo o establecemento ou modificación das súas condicións de prestación e a elaboración e aprobación da correspondente ordenanza reguladora.
- b) O establecemento, imposición e ordenación das taxas pola súa prestación, de conformidade co establecido na lexislación reguladora das facendas locais.
- c) A elección da forma de xestión do servizo, de entre as previstas na lexislación de réxime local.
- d) A planificación do servizo, establecendo, para tal efecto, as rutas e calendarios de recollida, a localización de colectores e as condicións da súa prestación que non requiran a aprobación dunha ordenanza, así como a planificación e programación dos investimentos que procedan para a súa ampliación, desenvolvemento ou mellora.
- e) O exercicio da potestade sancionadora, incluíndo a realización de inspeccións e comprobacións do cumprimento da normativa vixente en materia de residuos sólidos urbanos, así como a emisión de ordes de execución, cando legalmente proceda.
- f) A asunción, fronte terceiros, dos dereitos e obrigas que lle corresponderían ó concello asinante en tanto que titular do servizo nas relacións xurídicas derivadas da prestación do servizo que xurdan a partir do 1 de setembro de 2012. Para estes efectos, a Deputación Provincial terá a condición de posuidor dos residuos recollidos nos termos previstos na vixente lexislación de residuos sólidos urbanos, e subscribirá os oportunos contratos de servizo coa empresa pública SOGAMA, SA, así como os convenios que procedan coas entidades Ecovidrio, Ecoembes e coas empresas recicladoras coas que sexa procedente para a entrega de determinados residuos, como é o caso do papel – cartón.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

- g) A dirección do persoal adscrito ó servizo, fronte ó que asumirá a condición xurídica de empregador, nos termos da lexislación laboral vixente.
- h) A organización dos traballos de recollida, a realización de campañas de información entre a poboación, a resolución de reclamacións e, en xeral, a adopción de cantos actos e disposicións cumpran para garanti-la prestación normal, regular e continuada do servizo.
- i) A contratación da xestión indirecta do servizo, se é o caso.
- l) A contratación de prestacións accesorias ó servizo, así como a contratación de obras, subministracións, asistencia técnicas ou servizos necesarios para a súa xestión.
- m) A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados en exercicio das competencias delegadas.

3. Para os efectos deste convenio, enténdese que o servizo de recollida de residuos sólidos urbanos comprende as prestacións de recollida, transporte e entrega a un xestor autorizado – de conformidade co establecido no Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia - da totalidade dos residuos que de acordo coa lexislación vixente teñen a consideración de residuos sólidos urbanos. Nesta definición, enténdense comprendidas a recollida selectiva de papel – cartón, vidro e envases lixeiros, así como calquera outro servizo de recollida de residuos que, durante a vixencia do presente convenio, poida atribuírselle pola lexislación vixente á competencia municipal.

4. As competencias delegadas exerceranse no territorio do concello delegante.

5. A delegación de competencias terá plenos efectos con data 1 de setembro de 2012.

TERCEIRA.- Mecanismos de control do exercicio da delegación para a prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos.

1. A delegación do exercicio das competencias relativas ó servizo de recollida de residuos sólidos urbanos non suporá cesión da titularidade da competencia, que en todo momento seguirá a ser municipal, delegándose unicamente o seu exercicio. Para tal efecto, establécense os mecanismos de control recollidos na presente cláusula, co obxectivo de garantir unha participación cualificada do concello delegante na toma das decisións fundamentais relativas ó servizo, así como un axeitado control e seguimento do uso da delegación por parte da Deputación Provincial.

2. O exercicio das competencias delegadas por parte da Deputación Provincial requirirá autorización previa do concello delegante nos seguintes casos:

- a) Aprobación da Ordenanza reguladora do servizo, ou das súas modificacións.
- b) O establecemento, imposición e ordenación das taxas pola prestación do servizo.
- c) A elección da forma de xestión do servizo, de entre as previstas na lexislación de réxime local.
- d) A planificación e programación dos investimentos que procedan para a ampliación, desenvolvemento ou mellora do servizo, cando a súa contía exceda do 30 % do custo económico anual do servizo reflectido na última liquidación aprobada, ou cando sen acadar esta porcentaxe o seu financiamento deba realizarse mediante un incremento das tarifas do servizo.

O outorgamento desta autorización corresponderalle ó órgano municipal competente por razón da materia, segundo a distribución de atribucións establecida na lexislación de réxime local.

No suposto en que a proposta da Deputación Provincial en calquera das materias enunciadas non obtivese autorización municipal, a comisión de seguimento do convenio procederá a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

estuda-la posibilidade dunha proposta alternativa que poida ser aprobada polo concello delegante. A comisión de seguimento deberá emiti-la súa proposta alternativa, ou ben a ratificación da proposta inicial, no prazo máximo dun mes dende a recepción da denegación da autorización (ou, de se-lo caso, da última das denegacións, no suposto de seren varias) no Rexistro Xeral de documentos da Deputación Provincial, o que lle será comunicado ó concello afectado que, no prazo dun mes, adoptará o acordo que estime procedente sobre a proposta da comisión. No caso de que rexeitasen esta nova proposta, ou ben non contestase ó requirimento formulado, entenderase que renuncia á prestación delegada do servizo, procedéndose á extinción automática do convenio, que será acordada pola Presidencia da Deputación, xunto coa liquidación correspondente, e farase efectiva no prazo de tres meses contados dende o vencemento do prazo para a adopción do acordo municipal.

3. O exercicio das competencias delegadas requirirá informe previo favorable da comisión de seguimento nos supostos seguintes:

- a) Acordos de modificación das condicións xerais de prestación do servizo que non impliquen modificación da ordenanza reguladora do servizo nin da ordenanza fiscal, tales como os acordos sobre planificación xeral do servizo, o establecemento e modificación das rutas, horarios e calendarios de recollida, a localización de colectores ou a modificación das prestacións que comprende.
- b) A planificación e programación dos investimentos que procedan para a ampliación, desenvolvemento ou mellora do servizo por importe igual ou inferior ó 30 % do custe económico anual do servizo.
- c) Os acordos para o establecemento das condicións para a adxudicación de contratos por importe de máis de 120.000,00 €, ou a subscrición de convenios de colaboración relacionados coa prestación do servizo.
- d) A formalización de convenios con outras administracións públicas.

4. Requirirá informe previo da comisión a aprobación da liquidación periódica do servizo regulada na cláusula quinta do presente convenio, e o cambio de adscrición, substitución ou baixa dos medios materiais adscritos ó servizo que teñan o carácter de bens inventariables.

5. O exercicio das competencias delegadas no resto de supostos poderá realizarse directamente polos órganos competentes da Deputación Provincial, sen prexuízo da dación de conta dos ditos actos á comisión de seguimento, cunha periodicidade mínima anual.

6. A comisión de seguimento, por unanimidade, poderá establecer directrices para o mellor funcionamento do servizo, que serán de obrigado cumprimento para a Deputación Provincial.

7. O concello delegante poderá obter ou solicitarlle, en calquera momento, información á Deputación Provincial sobre o exercicio das competencias delegadas, mediante escrito dirixido á Presidencia. A información deberá remitirse no prazo máximo de dez días hábiles dende que a solicitude tivese entrada no rexistro de entrada de documentos da Deputación Provincial.

Sen prexuízo deste dereito, a Deputación Provincial manterá informada, de xeito periódico, á comisión de seguimento sobre a marcha do servizo.

CUARTA.- Traspaso de medios persoais e materiais adscritos ó servizo.

1. Con efectos do 1 de setembro de 2012, transferiráselle á Deputación Provincial o persoal laboral que, procedente do Concello de Ribadavia, estivese adscrito de xeito exclusivo ó servizo de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

recollida de residuos sólidos urbanos do concello delegante. O dito persoal pasará a depender da Deputación Provincial durante a vixencia do convenio, nas condicións establecidas no artigo 44 do Estatuto dos Traballadores, e continuará rexéndose polo convenio colectivo que actualmente lle sexa de aplicación, de acordo co previsto no apartado 4 da dita norma.

2. En caso de revogación da delegación ou extinción por calquera causa da vixencia do convenio, o persoal transferido á Deputación Provincial reverterá á súa administración de orixe, entendendo por tal ó concello de Ribadavia. O concello contrae expresamente, para estes efectos, a obriga de asumir ó dito persoal nos supostos sinalados, recoñecéndosele ademais ó dito persoal o dereito a conserva-las condicións e dereitos laborais adquiridos, se é o caso, en virtude de negociación coa Deputación Provincial conforme ó establecido no apartado seguinte.

3. Ó abeiro do establecido no artigo 44.4 do Estatuto dos Traballadores, a Deputación Provincial poderá negociar e subscribir acordos ou convenios cos traballadores afectados ou os seus representantes, que teñan por obxecto os dereitos e obrigas integrantes da relación laboral. Será preceptivo, para a aprobación destes acordos ou convenios, o informe previo da Comisión de Seguimento do convenio de cooperación.

Unha vez aprobados, estes acordos ou convenios seranlles de aplicación ós traballadores afectados, que conservarán as condicións adquiridas na súa virtude incluso en caso de reversión ó concello de orixe, ata a extinción da vixencia dos ditos acordos ou convenios.

5. Con efectos do 1 de setembro de 2012, quedarán adscritos ó servizo, transferíndose o dereito de uso á Deputación Provincial de Ourense, tódolos medios materiais municipais que ata ese momento estivesen destinados de xeito exclusivo ó servizo de recollida de residuos sólidos urbanos no termo municipal do concello delegante.

A Deputación Provincial poderá proceder ó cambio de adscrición dos ditos medios materiais e/ou á súa substitución por outros de nova adquisición ou procedentes doutros servizos provinciais, así como á súa baixa no inventario no momento no que a súa deterioración os volva inservibles para o servizo, tralo informe previo da comisión de seguimento, no caso de bens de carácter inventariable, e sen que en ningún caso o cambio de adscrición poida supoñer unha diminución da calidade do servizo prestado.

QUINTA.- Réxime económico do servizo delegado.

1. Para os efectos do establecido na presente cláusula, consideraranse custos do servizo tódolos custos directos ou indirectos, incluídos os de carácter financeiro a amortización do inmovilizado e, se é o caso, os necesarios para garanti-lo mantemento e o desenvolvemento razoable e sostible do servizo.

Entre os custos de amortización do inmovilizado incluírase, en todo caso, a amortización dos vehículos propiedade da Deputación Provincial que queden adscritos ó servizo, ou daqueloutros que no futuro poidan adscribirse, así como os seus gastos de mantemento.

2. O servizo delegado será financiado polo Concello de Ribadavia, que para tal efecto constituirá aval, ou garantía equivalente, polo importe das obrigacións previsibles en cada exercicio, na forma que voluntariamente se acorde entre as partes. O importe das obrigacións previsibles determinarase mediante un estudo económico que elaborará o Servizo de Augas e Medio Ambiente da Deputación Provincial.

Non obstante o anterior, non se lle imputarán, en ningún caso, ó concello, os custos do servizo consistentes en gastos de persoal provincial que non estea adscrito de xeito exclusivo a este servizo supramunicipal, nin os custos de funcionamento das unidades administrativas de carácter xeral da Deputación, sen prexuízo de que a parte proporcional destes custos que corresponde ó servizo poida ser tomada en consideración para a fixación das taxas do servizo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

3. A Deputación Provincial aprobará a liquidación correspondente, coa periodicidade que se acorde na comisión de seguimento, que haberá de ser, como mínimo, anual. Unha vez aprobada e notificada ó concello a liquidación deberase pagar en prazo de 30 días. En caso de non pagar no dito prazo, a Deputación Provincial poderá facelo efectivo con cargo ó aval ou garantía constituída. En caso de que a dita garantía non fose suficiente para aboa-los ditos custos, a Deputación poderá compensalos con calquera dereito de crédito que o concello afectado teña contra a Deputación Provincial, trala tramitación previa do oportuno expediente de compensación de débedas.

SEXTA.- Comisión de seguimento.

1. Establécese unha comisión de seguimento do convenio, integrada polos seguintes membros:

- a) En representación da Deputación Provincial:
 - O presidente, ou deputado no que delegue. Corresponderanlle, ademais, as funcións de presidencia da comisión.
 - O secretario xeral, o interventor, o tesoureiro, o xefe do Servizo de Augas e Medio Ambiente, ou funcionarios que legalmente os substitúan, en tódolos casos con voz pero sen voto.
- b) En representación do concello:
 - O alcalde, ou o concelleiro no que delegue, que poderá comparecer asistido de funcionarios ou técnicos municipais, estes últimos con voz pero sen voto.

As funcións de secretaría da comisión de seguimento corresponderanlle ó secretario xeral da Deputación, sen prexuízo da súa condición de vogal.

2. A comisión de seguimento terá carácter paritario, correspondéndolle un voto ó concello e outro á Deputación Provincial.

3. Son funcións da comisión as seguintes:

- a) Ser informada, polo menos anualmente, do estado de execución do convenio, así como das incidencias advertidas en cada exercicio.
- b) Informar calquera modificación ou novación do presente convenio.
- c) Coñece-las propostas, queixas ou suxestións que as partes poidan formularlles ó resto de entidades asinantes.
- d) Informa-los supostos de resolución do convenio.
- e) Emite-los informes previstos na cláusula terceira do convenio.

4. A comisión de seguimento adoptará os seus acordos por maioría simple, agás naqueles casos nos que o presente convenio estableza un quórum diferente.

5. No non previsto no presente convenio, o funcionamento da comisión de seguimento rexerase polas normas de funcionamento de órganos colexiados establecidas no Título II da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

SÉTIMA.- Réxime xurídico.-

O presente convenio terá natureza administrativa. A súa revisión en vía xudicial, así como a dos actos e acordos ditados na súa execución ou derivados deste, corresponderalles ós órganos da xurisdición contencioso administrativa.

OITAVA.- Causas de resolución do convenio.-

1. Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- a) Por mutuo acordo entre as partes.
- b) Por denuncia de calquera das súas partes, formulada cunha antelación mínima de tres meses ó remate de cada ano natural. En todo caso, a efectividade da resolución

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

por denuncia de parte se entenderá referida sempre ó 1 de xaneiro do exercicio seguinte.

- c) Nos supostos de denegación da autorización municipal prevista na cláusula terceira, en cuxo caso se seguirá o procedemento regulado na dita cláusula.
- d) Por incumprimento de obrigas convencionais esenciais. Para a aplicación desta causa de resolución, a entidade interesada en resolve-lo convenio porá previamente en coñecemento da comisión de seguimento a existencia da dita causa de resolución, e a súa intención de resolvelo. Unha vez realizada esta comunicación á presidencia da comisión, esta procederá a convocar á comisión, que deberá reunirse nun prazo máximo de quince días hábiles, co fin de emitir informe sobre a procedencia da resolución. Emitido o informe da comisión, a entidade interesada adoptará a resolución que proceda.

2. Unha vez resolto o convenio, este entrará en liquidación, que formulará a Deputación Provincial, previa audiencia do concello afectado, e na que se incluírán os danos e perdas ocasionados polo incumprimento de obrigas convencionais, de se-lo caso. O pago das obrigas derivadas da dita reclamación poderá reclamárselle á entidade que se considere responsable, e contra o rexeitamento expreso ou tácito desta poderán interpoñerse os recursos e exercerse as accións contempladas no ordenamento vixente.

NOVENA.- Duración do convenio.

O presente convenio terá vixencia a partir do 1 de setembro de 2012, expirando o 31 de decembro.

Non obstante o anterior, ó seu remate, o convenio poderá ser obxecto de prórroga, por acordo expreso das partes, polos períodos que se establezan.

2º.- O presente convenio será obxecto de publicación no BOP, para xeral coñecemento.

12º.- DACIÓN DE CONTA Ó PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MES DE ABRIL DE 2012.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no B.O.E. do 22 de decembro), dáselle conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia no mes de abril de 2012.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

13º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE ABRIL DE 2012 E DOS SEGUENTES ADICIONAIS: 2º DE FEBREIRO E 1º DE MARZO DE 2012.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no B.O.E. do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia no mes de abril de 2012 e dos seguintes adicionais: 2º de febreiro e 1º de marzo de 2012.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

14º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Trala unánime declaración da súa urxencia, por non figurar na orde do día, tratáronse os seguintes asuntos:

14ºA.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2012, RELATIVA ÁS OBRAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE PORQUEIRA.-

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia de data 26 de xullo de 2012.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación a súa proposta e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención do deputado do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aproba-la modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2012 relativa ás obras municipais do Concello de Porqueira, incorporando ó plan principal –en substitución da obra denominada “Reforma do alumeadado público en Rial e Toxal”- a obra denominada “Adecuación de espazos recreativos en Toxal” cun orzamento de execución de 41.300,00 € e incorporando ó plan complementario –en substitución da obra denominada “Reforma do alumeadado público en Paradela” - a obra denominada “Reforma do alumeadado público en Rial e Toxal” cun orzamento de execución de 41.300,00 €.

14ºB.- DECLARACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE DE APOIO A QUE OURENSE SEXA A CAPITAL EUROPEA DA CULTURA 2020.-

O Sr. presidente, tralo apoio unánime dos tres grupos políticos da Corporación, que se manifestou na Xunta de Portavoces, dá lectura á seguinte declaración:

A Deputación de Ourense, co acordo unánime dos tres grupos políticos que integran a Corporación Provincial, manifesta o seu apoio para que a cidade de Ourense sexa nomeada “Capital Europea da Cultural 2020”.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

Este apoio fundaméntase no feito de que en outubro de 2020 se cumprirá o centenario da publicación en Ourense do primeiro número da revista Nós, publicación que foi o berce do movemento cultural e literario máis importante de Galicia e que permitiu que Ourense fose coñecida mundialmente pola súa riqueza intelectual.

A Deputación de Ourense quere, desta maneira, impulsa-las iniciativas institucionais e sociais que se están a levar a cabo para acadalo obxectivo da Capitalidade Europea da Cultura 2020 para Ourense, e para isto comprométese a formar parte da organización da candidatura, unha candidatura que xira ó redor do ideal político, ético, científico, humanístico, artístico e literario de Nós, para contribuír a prestixiala cultural ourensá e galega, difundilo seu legado e seguir potenciándoa por todo o mundo.

15º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, rógalle á Presidencia que cando faga declaracións públicas e se refira ó Grupo Socialista que non faga declaracións veladas de certas cousas que eles non fan, e que sexa máis prudente, porque o Grupo Socialista cando ten que denunciar algo o fai nas institucións que teñen competencia para elo, porque así o fixo xa. Non valora as denuncias anónimas, pero nalgunhas declaracións do presidente que saen nos medios parece que está insinuando que o Grupo Socialista podería estar tras esa denuncia anónima. Dille o presidente que se imaxine que fose da oposición, vendo día tras día as informacións de cousas que ocorren nesta casa, cando menos sospeitosas (investigación de plans europeos, formas de contratación, patrimonio de persoas que teñen responsabilidades de goberno nesta casa) e pregúntalle que faría el.

Roga tamén que se faga pública a declaración de bens dos deputados, porque así se aprobou no pleno xa hai dous meses, para evitar moitos problemas. O Grupo Socialista, que foi quen propuxo isto, non ten ningún tipo de problema en facelas públicos.

Pregunta cando se lles vai entrega-la factura da remodelación do despacho do presidente, xa que se lles entregou unha factura polo importe total, pero pide os gastos detallados, porque lles consta que se tapizaron unhas cadeiras por importe de 6.000 euros e outros 6.000 euros por unhas cortinas. E isto ven a conto porque cando o PP chegou á Xunta montouse a *marimorena* por unhas cadeiras con algo que non era certo, e o valor do tapizado de 10 cadeiras foi de 600 euros. Pide exercicios de transparencia e de coherencia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

Tamén está pendente a contestación sobre o parque biosaudable do que falou no pleno anterior (180.000 euros). O presidente dixo naquel momento que se custase iso sería un parque intergaláctico.

Lembra que nun pleno se lle chamou a atención por utiliza-la palabra “*hooligans*” pero o señor presidente domina o idioma e sabe o que é, por iso di que non era un insulto.

O **Sr. presidente**, en relación con esas denuncias anónimas, contesta que en ningún momento falou do Grupo Socialista, aínda que ó día seguinte da denuncia se fixo unha rolda de prensa na que se fixeron determinadas declaracións. Sobre ese suceso só se pronunciou no sentido de dicir que fora algo gravísimo o que se publicara, o xeito de publicalo e o xeito de actuar, así como determinadas cuestións que se escribiron sobre este tema e que se adoptarían as medidas máis contundentes posibles, pero non de xeito público, xa que non quere facer disto un debate público, senón que quen o fixo terá que responder no lugar que corresponda e do xeito que mereza. Reitera que non fixo ningunha alusión ó Partido Socialista en ningún momento, nin cando saíu a noticia nin cando se publicou o arquivo desas denuncias anónimas.

En canto á publicación dos bens dos deputados, manifesta que non hai ningún motivo para non facelo, xa que se recolle no Regulamento que se aprobou unánimemente por esta Corporación. Só falta por aproba-lo modelo para que isto sexa unha realidade, que llo fará chegar nestes días, para ver se no mes de setembro somos quen de publica-las declaracións de bens dos vinte e cinco deputados da Corporación.

En canto á factura de redecoración do seu despacho, manifesta que xa se fixeron varias preguntas sobre este tema, concretamente o 29 de maio contestóuselle a unha deputada do Grupo Socialista que tiña acceso ó expediente, xa que non se trata só das reformas do despacho da Presidencia, senón do despacho da secretaría da Presidencia e da sala de xuntas. Tivo acceso ó expediente e pediu unha factura que se lle entregou o día 2 de xullo; tamén pediu o albará que se lle entregou o 11 de xullo. Reitera que todo o expediente está a disposición do portavoz do Grupo Socialista, xa que non sabe que máis pode facer. Sen facer demagogia, di que as cadeiras custaron bastante menos que o equipo de música que o anterior presidente da Xunta tiña no seu vehículo oficial.

En canto ó parque biosaudable polo que xa preguntou no Pleno anterior, di que os 186.000 euros non eran só para o parque, senón que eran para melloras do contorno da residencia de persoas maiores e do centro de día de Esgos. O Grupo Socialista accedeu ó expediente e a contía

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

do parque foi duns corenta mil euros, ou sexa que non era o parque máis caro do mundo nin era un parque intergaláctico, pero segundo información da que dispón no parque de Francelos (Ribadavia) gastáronse 304.984 euros (amosa a foto do estado actual no que se atopa). A maiores gastáronse 200.000 euros na expropiación duns terreos que en principio eran públicos, despois pasaron a mans privadas, e coa intervención da Consellería de Medio Ambiente (dirixida polo presunto líder do Partido Socialista de Galicia) pagouse a expropiación deses terreos e o arquitecto autor do proxecto todos sabemos perfectamente quen é.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, en relación co Servizo de Telesistencia manifesta que ten comprobado que nos últimos meses hai baixas, altas, espera de alta e agora aparece outra nova categoría que é o reinicio de alta. Pregunta se ás persoas que se deron de baixa no seu día se lles está explicando que teñen a posibilidade de que poden reinicia-la alta, xa que teñen entendido que hai persoas que deixaron de beneficiarse deste servizo porque tiña un custo que non se podían permitir e podían demostrar. A lei de dependencia está en suspenso e non se está aplicando, as persoas non poden pagar 30 euros ó mes polo servizo. Quere saber cales son as causas de que a unhas persoas se lles dea a baixa e agora se estea reiniciando a alta e se se informou a tódalas persoas.

En relación cunha campaña de sensibilización da bolsa amarela e de material divulgativo para a recollida selectiva, quere saber se esta campaña se fai extensiva a tódolos concellos da provincia ou só se están beneficiando algúns concellos en concreto.

Por último, di que na campaña de compostaxe doméstica se están facendo achegas a diferentes lugares e quería saber se isto forma parte do proxecto sobre o que o seu grupo xa ten presentado varias preguntas e se vai chegar a tódolos concellos ou só a concellos determinados.

O **Sr. presidente** responde, en relación coa pregunta de Telesistencia, que xa no Pleno pasado preguntou tamén o exdeputado do BNG, o Sr. Jardón, e que se lle respondeu estes días por escrito, e tendo en conta o informe do Servizo de Fomento de Emprego, Igualdade e Asuntos Sociais, este servizo está funcionando a pleno rendemento e sen ningún tipo de incidencia. Remítiralles copia dese informe para que obre no seu poder.

En relación coas campañas de bolsa amarela e compostaxe doméstica, pedirá que o Servizo de Medio Ambiente elabore un informe que lle será remitido á Sra. Morenza.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, lee unha noticia dun diario onde se di que a Deputación dedicará 60.000 euros a difundir proxectos cofinanciados pola Unión Europea.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

Pregunta se ó Grupo Popular –ó que se lle enche a boca de falar de austeridade e de medidas de recorte que hai que levar a cabo por imposición do Goberno de Madrid- non lle parece excesiva esta campaña de *autobombo* desde a Deputación, para difundir proxectos cofinanciados pola Unión Europea (entre os que está o Wimax que non funciona na maioría dos concellos; unha planta de valorización de residuos da construción localizada en Morgade-Xinzo de Limia, que tampouco funciona por falta de informes e que se construíu de xeito pouco transparente e legal; seis depuradoras nodrizas compactas de augas residuais para tratar lodos de depuradoras e de fosas sépticas que non sabe onde se van botar despois). Pregúntalle tamén ó Sr. presidente se este gasto de cartos na campaña non lle parece un gasto cínico no momento no que estamos, no que hai que reducir, ser transparentes e adoptar medidas de contención de gasto.

O **Sr. presidente** contesta que se unicamente nos cinguimos ó que está publicado estaría de acordo con ese cinismo que se deduce do publicado e do seu titular, pero a realidade dos feitos é que esta campaña é obrigatoria, está fixada nas regras que determina a Unión Europa para información e publicidade. O 7 de novembro de 2007 aprobáronse as bases reguladoras da convocatoria dos proxectos financiados polo Eixo 5 do FEDER, proxectos integrados de rexeneración urbana para pequenos e medianos municipios. Na base 12ª da convocatoria fíxanse as regras e dise que é obrigatoria a información e publicidade e que se fagan este tipo de campañas. Dentro destas obrigas fíxase un teito de gasto do 5% do orzamento total para cada proxecto. Á Deputación fóronlle aprobados tres proxectos, con orzamento total de Arraiano 3.315.044 euros, Terras do Avia 3.135.258 euros e Delorur 4.271.025 euros; total 10.721.327 euros. A información e publicidade en cada proxecto non chega ó 5% do orzamento total: no Arraiano é o 1,46%, no Terras do Avia 1,72% e no Delorur o 1,4%.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, do BNG, con respecto á moción que presentou o BNG neste Pleno, manifesta que se votaron as diferentes propostas e ó seu entender desvirtuouse o debate con respecto ó que se propoñía na moción. Pide que se volva tratar este xeito de debate-las mocions na próxima comisión informativa, porque a interpretación da norma non está moi clara.

O **Sr. presidente** manifesta que se procedeu conforme se recolle no Regulamento orgánico no seu artigo 4, que di *calquera deputado poderá formular emendas ós ditames, proposicións ou mocions sometidos á consideración do Pleno. Estas emendas deberán formularse por escrito (que son as que se debateron) e ser presentadas antes do inicio da deliberación do asunto á Presidencia, que lle-las distribuirá ós grupos políticos, e, en todo caso, deben contar con*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

precisión o texto da modificación da proposta de acordo que se pretende. As emendas serán debatidas polos grupos políticos conxuntamente co asunto ó que se refiran, e votaranse previamente á votación da proposta que constitúe o seu obxecto”.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, do BNG, continúa lendo o artigo do Regulamento orgánico, no seguinte sentido: *Non obstante o anterior, a Presidencia e os portavoces dos grupos poderán formular oralmente emendas ós asuntos durante o debate e antes da súa votación. A votación destas emendas in voce quedará suxeita á condición de que o deputado autor da proposta de acordo así o autorice expresamente.*

O **Sr. presidente** manifesta que non houbo emendas in voce senón que foron presentadas por escrito, por iso se votaron de conformidade co Regulamento.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, do BNG, pregunta se hai algunha novidade con respecto á empresa Xero.

O **Sr. presidente** responde que non hai ningunha novidade.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que intervéñ porque se utilizaron argumentos falsos. Pregúntalle á Presidencia quen lle pasou a información do parque de Francelos, aínda que pensa que foron os seus compañeiros de partido no Concello de Ribadavia (que así lles vai). Non tiñan pensado presentarse ás próximas eleccións pero van ter que facelo para gañarlles de novo. Rógalle á Presidencia que mostre as fotografías do dito parque, que custou 300.000 euros porque leva luminarias, fontes, parques biosaudables, parques para nenos e que o utilizan centos e centos de persoas, porque o pobo de Francelos é moito máis grande que moitos concellos da provincia. Non lle parece de recibo suscitar dúbidas entre un parque e outro, porque el si ensinou as fotografías do parque de Esgos, no que había un can e pouco máis e cuxa adecuación custou 180.000 euros. En canto ós 200.000 euros da expropiación dos terreos di que eses terreos (6.000 m² públicos en zona urbana) primeiramente llos vendera un alcalde do PP a un particular, e despois recuperounos o goberno do que el forma parte mediante expropiación. Pide que non se fagan comparacións demagóxicas, porque non ten nada que ver unha cousa coa outra. Á inauguración dese parque foron moitas personalidades, incluso do Partido Popular.

O **Sr. presidente** pregúntalle ó Sr. Gómez Pérez se non di nada do arquitecto autor do proxecto. Di tamén que lles trasladará ós compañeiros do grupo do Concello de Ribadavia a defensa dese parque por parte do portavoz socialista e que ten que entender que responda en consonancia co que cre coherente.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2012

E, ás 13:45 horas do citado día vinte e sete de xullo do ano dous mil doce, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,